

> 2	INTRODUCCIÓN
> 4	CONSULTAS E QUEIXAS CONSULTAS QUEIXAS
> 50	ANÁLISE DE DATOS CASOS POR COLECTIVOS CASOS POR CAMPUS CONSULTAS POR COLECTIVOS QUEIXAS POR COLECTIVOS CASOS POR SEXO CASOS POR ÁREA TEMÁTICA CASOS POR CENTROS CASOS POR ÓRGANOS DE GOBERNO DA REITORÍA DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CASOS TEMPO DE RESOLUCIÓN ACTUACIÓNS POR COLECTIVO E CURSO ACADÉMICO
> 58	RECOMENDACIÓNS / SUXESTIÓNS
> 58	OBXECTIVOS
> 59	PRESENTACIÓN PERANTE O CLAUSTRO
> 60	ANEXOS



VALEDOR UNIVERSITARIO MEMORIA
SETEMBRO 2014 / AGOSTO 2015

O artigo 22 do Regulamento do valedor universitario da UDC recolle que “O valedor universitario presentará unha memoria anual sobre a xestión realizada durante o curso académico e os seus obxectivos para o seguinte curso. A memoria deberá conter información, cando menos, sobre o número e tipo de reclamacións presentadas, as reclamacións obxecto de investigación, o resultado destas e as recomendacións e suxestións xerais formuladas para a mellora do funcionamento da Universidade da Coruña”. Cumprindo, pois, co establecido, na presente memoria resúmense os casos tratados na Oficina do Valedor Universitario e as recomendacións e suxestións formuladas durante o curso académico 2014/15, ao tempo que se presentan os obxectivos para o curso 2015/16.

O curso académico 2014/15 estivo marcado pola aprobación de diversos reais decretos que afectan á comunidade universitaria en cuestións tan fundamentais como a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao (RD 412/2014, do 6 de xullo), a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (RD 43/2015, do 2 de febreiro), a homologación e declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial dos estudos estranxeiros de educación superior e a correspondencia aos niveis do marco español de cualificacións para a educación superior (MECES) das antigas titulacións universitarias (RD 967/2014, do 21 de novembro), a expedición do Suplemento Europeo ao Título (SET) para as titulacións do novo sistema de ordenación universitaria (RD 22/2015, do 23 de xaneiro), e a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios (RD 415/2015, do 29 de maio).

Só unha pequena parte desta lexislación tivo ou terá, en breve, efectos directos sobre o alumnado que estaba a realizar os seus estudos universitarios no curso 2014/15 ou que os rematara con anterioridade. Así, o decreto polo que se aproba o procedemento que permite o establecemento da correspondencia aos niveis do MECES das antigas titulacións e o novo decreto polo que se regula a expedición do SET para as novas titulacións permiten por fin desbloquear unha situación larvada, claramente inxusta para o alumnado egresado que decide ou se ve forzado a saír ao estranxeiro para ampliar coñecementos ou na procura dun traballo acorde coa súa formación universitaria. Era de absoluta xustiza que cadaquén puidese levar na súa mochila todo aquilo que lle correspondía e que fora froito, entre outros, do seu esforzo persoal. Se os tecidos social e empresarial do noso país non son quen de dar cabida a uns profesionais formados nas nosas universidades que son apreciados noutros países do contorno, deixemos cando menos

que sexan estes os que aproveiten os recursos colectivos investidos por todos nós e evitemos, na medida do posible, xerar un sentido de frustración nos nosos egresados que faga aínda máis difícil o seu retorno.

No substancial, máis aló das inquedanzas e do consumo de tempo e de enerxías que xeran os continuos cambios aos que se ve sometida a lexislación universitaria, o decreto que establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o que modifica a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais seguen sen ter efecto a día de hoxe. Así, de persistir a súa vixencia, non é ata o curso académico 2017/18 cando será de aplicación o novo sistema de admisión para os estudantes que obtengan o título de bacharel do sistema educativo español; a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE) promoveu unha moratoria ata setembro de 2017 para a posta en marcha do novo sistema de ordenación universitaria, que abre a posibilidade de implementar unha estrutura 3+2 para os estudos de grao e máster universitario, ao considerar prioritario culminar primeiro a avaliación das titulacións actualmente vixentes e realizar unha profunda reflexión sobre o modelo de financiamento, garantindo unha verdadeira igualdade de oportunidades para os estudantes.

O novo sistema de acreditación do profesorado segue sen estar operativo a día de hoxe, o cal crea unha situación de parálise nun proceso de gran transcendencia para o profesorado.

O mantemento, por parte da Xunta de Galicia, dos prezos públicos de matrícula nos niveis máis baixos da franxa establecida no Real decreto-lei 14/2012, do 20 de abril, en concordancia coa Declaración institucional en apoio da universidade pública, aprobada por unanimidade polo Claustro Universitario da UDC na súa sesión do 15 de maio de 2012, tivo continuidade tamén durante o curso 2014/15 (Decreto 77/2014, do 20 de xuño), contribuíndo así dunha maneira importante a poñer freo á fenda económica e social que tanto se está a incrementar nos últimos anos, e a rebaixar o inexorable descenso do número de estudantes universitarios galegos ligado a unha pirámide de idade absolutamente desequilibrada.

O Real decreto 472/2014, do 13 de xuño, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas para o curso 2014-2015, xunto coa Resolución do 28 do xullo de 2014, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se convocan bolsas de carácter xeral para o curso académico 2014-2015,

para estudantes que cursen estudos postobrigatorios, debuxaron un panorama similar ao curso precedente, tras acadar nel os máximos niveis de esixencia de rendemento académico en aplicación do Real decreto 1000/2012, do 29 de xuño, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2012-2013 e se modifica parcialmente o Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas.

Convocatorias específicas da Xunta de Galicia e da UDC durante o curso 2014/15 permitiron paliar, en parte, as elevadas esixencias de rendemento académico para a obtención de bolsas, e facer fronte a situacións de dificultade económica por causas sobrevidas. Fronte a quen considera un dispendio de recursos públicos o mantemento de axudas para facer fronte ao pagamento da matrícula cuns niveis de esixencia menores aos financiados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deportes, cómpre salientar que o que se está a subvencionar por esa vía ao alumnado sen recursos é só un 15% do custo real da prestación dos servizos, de acordo cos propios datos do Ministerio.

O mantemento das taxas de reposición do persoal nun nivel exíguo (10%) e a inxerencia do poder político na autonomía universitaria en materia de contratación de profesorado (obxecto de denuncia polo Valedor do Pobo en colaboración cos valedores universitarios das tres universidades galegas, nun escrito remitido ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o 30 de xullo de 2015), seguiron a producirse durante o curso 2014/15, ferindo de gravidade unha Universidade que se atopa, en ocasións, en moi serias dificultades para cumprir coas súas obrigas de cobertura da docencia, e que acode practicamente como un mero convidado de pedra á destrución dun dos seus bens máis prezados: a posibilidade de manterse como un ente necesariamente vivo e innovador grazas á incorporación de novas enerxías no seu cadro de profesorado. En nada axuda tampouco ao funcionamento da institución a inseguridade que xera entre o profesorado unha clara falla de expectativas de estabilidade e de progreso.


Uns orzamentos a todas luces escasos, que crearon non poucos problemas a finais de curso para poder continuar co “déficit 0” que a Universidade da Coruña se esforza por manter desde ben antes do comezo da crise económica, unha notable escaseza de fondos para investigación –ambos moi por baixo dos que se invisten na maioría dos países do noso contorno–, e unha importante perda de poder adquisitivo do seu persoal –ao que mesmo se lle continúan a aplicar importantes recortes nas pagas extraordinarias–, completan o esencial do marco xeral no que se desenvolveron as actuacións da Oficina do Valedor Universitario durante o curso 2014/15. As circunstancias de carácter máis interno (normativa da UDC, funcionamento de órganos e servizos etc.) figuran amplamente documentadas na análise dos casos que se recollen nesta memoria.

Para facilitar a análise dos diferentes tipos de casos que se están a tratar na nosa oficina e, por tanto, contribuír tamén por esta vía a evitar a repetición de situacións similares, as queixas e reclamacións que se recollen nesta memoria intégranse por primeira vez nun documento que publicamos na páxina web e que contén todos os casos resoltos desde o curso académico 2010/11, agrupados por áreas temáticas (http://www.udc.es/gobierno/organos_colexiados_e_estatutarios/valedor_universitario/memoria.html).

Non quixera rematar este limiar sen antes agradecer sinceramente a confianza que unha ampla maioría dos membros do Claustro Universitario depositaron en min o 25 de marzo de 2015, ao me apoiaren co seu voto para poder seguir catro anos máis tratando de cumprir dignamente coa pesada carga e o honroso cargo de Valedor Universitario. Continuando coa miña liña de actuación, que no esencial se plasma na memoria anual, espero poder gañarme tamén no día a día a confianza de quen segue a poñer aínda en dúbida a imparcialidade dalgunhas das miñas intervencións.

Grazas tamén, un ano máis, a Rosa González Romero por continuar desempeñando con entrega e bo ánimo o labor de secretaria na Oficina do Valedor Universitario, malia a que o posto que está a desempeñar segue sen ter asignado na relación de postos de traballo o nivel que, entendo, lle correspondería.

A Coruña, 30 de marzo de 2016



CONSULTAS E QUEIXAS

Entre o 1 de setembro de 2014 e o 31 de agosto de 2015 tratáronse na Oficina do Valedor Universitario un total de 107 consultas e 43 queixas, reclamacións ou actuacións de oficio.

Ao igual que en anos anteriores, unha pequena parte das consultas é de natureza simple e de carácter exclusivamente administrativo, polo que a súa resolución foi inmediata desde a Oficina ou foron casos que se desviaron ás administracións correspondentes.

Aquelas outras consultas sobre aspectos en que podería ter cabida máis dunha interpretación son analizadas na propia Oficina desde onde se solicita, con frecuencia, a colaboración de distintos órganos e servizos da Administración universitaria. Unha parte destas consultas acaba por converterse en queixas ou reclamacións que se incorporan como tal no relatorio de casos.

A maioría das queixas ou reclamacións que chegan á Oficina do Valedor Universitario trátanse amplamente coa parte reclamante por vía telefónica ou presencial; posteriormente, analízanse polo miúdo para, a continuación, proceder á fase de conversa e solicitude de alegacións á outra parte en litixio, á recompilación de toda canta documentación e informes foren precisos para a resolución do caso e, finalmente, á redacción do correspondente informe, que se pretende sempre detallado e claramente motivado.

Da análise dalgunhas queixas ou reclamacións acábanse derivando, en ocasións, recomendacións ou suxestións de mellora de normas ou protocolos a diferentes órganos ou servizos.

RELATORIO DE CASOS

1. CONSULTAS

Para cada consulta efectuada á Oficina do Valedor Universitario consígnanse os seguintes datos:

- O colectivo a que pertence quen a formula.
- O centro ou servizo implicado.
- A data en que se realiza a consulta.
- O asunto obxecto de consulta.

COLECTIVO	CENTRO/SERVIZO	DATA	ASUNTO
Estudantes	Vic. Relac. Internacionais e Coop.	Setembro/2014	Erasmus
Estudantes	Escola Politécnica Superior	Setembro/2014	Taxas de materias extintas
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Setembro/2014	Matrícula de optativas
Estudantes	ETS de Arquitectura	Setembro/2014	Matrícula do PFC
Estudantes	Sec. Estudos de Doutoramento	Setembro/2014	Acceso ao doutoramento
PDI	Fac. de Filoloxía	Setembro/2014	Cambios no POD
PDI	Servizo de Investigación	Setembro/2014	Contrato dun proxecto de investigación
PAS	Fac. de Socioloxía	Setembro/2014	Reclamación de cualificación
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Setembro/2014	2.ª revisión dunha cualificación
Estudantes	Fac. de Economía e Empresa	Setembro/2014	Cambio de grupo
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Outubro/2014	Reclamación de TFG
Estudantes	ETS de Arquitectura	Outubro/2014	Revisión do PFC
Estudantes	Fac. de Fisioterapia	Outubro/2014	Asignación de titor para o TFG
Estudantes	Fac. de CC. da Comunicación	Outubro/2014	Desistencia parcial de matrícula
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Outubro/2014	Plans en extinción

Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Outubro/2014	Validación de materias
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Outubro/2014	Obrigatoriedade de compra de libros
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Outubro/2014	Obrigatoriedade de compra de libros
Estudantes	Fac. de CC. da Comunicación	Outubro/2014	Fóra de prazo de matrícula
Alleos	Servizo de Bibliotecas	Outubro/2014	Usuarios externos da biblioteca
PDI	Fac. de CC. da Educación	Novembro/2014	Comportamento
Estudantes	ETS de Arquitectura	Novembro/2014	Reclamación de cualificación
Estudantes	Fac. de Economía e Empresa	Novembro/2014	Convocatoria adelantada
PAS	Xerencia	Novembro/2014	Traslados/permutas
Estudantes	Secretaría Xeral	Novembro/2014	Proceso electoral
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Novembro/2014	Adaptación ao grao
Estudantes	Sec. Estudos de Doutoramento	Decembro/2014	Matrícula fóra de prazo
Estudantes	Vic. Títulos, Calidade e N.T.	Decembro/2014	Taxas do PFC
Estudantes	EU Politécnica	Decembro/2014	Reclamación dun exame
Alleos	SAPE	Decembro/2014	Residencia de estudantes
PDI	Fac. de Filoloxía	Decembro/2014	Solicitud de quinquenios
PDI	Fac. de CC. da Educación	Decembro/2014	Renuncia a titoría TFM
Estudantes	ETS de Camiños, Canais e Portos	Decembro/2014	Recargo de matrícula
Estudantes	Sección Bolsas	Decembro/2014	Denegación da bolsa do MEC
PDI	Fac. de CC. do Deporte e a E.F	Decembro/2014	Actas de xunta do centro
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Xaneiro/2015	Desestimación parcial de matrícula
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Xaneiro/2015	Reclamación de cualificación
Estudantes	Fac. de Fisioterapia	Xaneiro/2015	Comportamento do profesor
Estudantes	Fac. de Socioloxía	Xaneiro/2015	Experiencia profesional
Estudantes	ETS de Arquitectura	Xaneiro/2015	Revisión de cualificación
Estudantes	Serv. de Organización Académica	Xaneiro/2015	Adaptación ao grao
Estudantes	Fac. de Economía e Empresa	Xaneiro/2015	Examinarse segundo a guía docente
Estudantes	Fac. de CC. do Deporte e a E.F.	Xaneiro/2015	Atrancos para a lectura da tese
Estudantes	FUAC	Xaneiro/2015	Prazo de matrícula de curso
Estudantes	ETS de Camiños, Canais e Portos	Xaneiro/2015	Validacións
Estudantes	Fac. de CC. do Deporte e a E.F.	Xaneiro/2015	Mestrado en liña
PDI	Xerencia	Febreiro/2015	Anticipos de soldo
PAS	EU Politécnica	Febreiro/2015	Solicitud de copia de exame
Estudantes	ETS de Arquitectura	Febreiro/2015	Quinquenios de docencia
Estudantes	EU de Enfermaría	Febreiro/2015	Prácticas docentes
Estudantes	Fac. de CC. da Comunicación	Febreiro/2015	Cambio de data de probas
Estudantes	EU de Enfermaría	Marzo/2015	Asistencia a clases
Estudantes	Escola Politécnica Superior	Marzo/2015	Prácticas externas
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Marzo/2015	Reclamación de cualificación
PDI	Fac. de CC. do Traballo	Marzo/2015	Reclamación de cualificación
Estudantes	Servizo de Investigación	Marzo/2015	Pagamento de axudas
Estudantes	Fac. CC. da Comunicación	Marzo/2015	Normativa do centro para Erasmus
Estudantes	Fac. de Economía e Empresa	Marzo/2015	Impartición de contidos de materia
Estudantes	Vic. Estudantes, Deportes e Cultura	Marzo/2015	Bolsas Santander
Estudantes	Vic. Títulos, Calidade e N.T.	Abril/2015	Matrícula do TFG
PDI	EU de Arquitectura Técnica	Abril/2015	Actuación do centro

Estudantes	Sec. Estudos de Doutoramento	Abril/2015	Convocatoria de axudas predoutorais
PDI	Fac. de CC. do Traballo	Abril/2015	Distribución do POD
Estudantes	Sec. Estudos de Doutoramento	Abril/2015	Preadmisión nun programa de doutoramento
Estudantes	Fac. de Humanidades e Document.	Abril/2015	<i>Practicum</i>
Estudantes	ETS de Camiños, Canais e Portos	Abril/2015	Validacións
PAS	Xerencia	Abril/2015	Listaxes de espera
Estudantes	Oficina Relacións Internacionais	Maio/2015	Erasmus
Alleos	LERD	Maio/2015	Acceso á universidade
Estudantes	Fac. de Enfermaría e Podoloxía	Maio/2015	Reclamación dunha cualificación
Estudantes	Escola Politécnica Superior	Maio/2015	Servizo de transporte adaptado
Estudantes	Fac. de Informática	Maio/2015	Reclamación cualificación
Estudantes	EU Arquitectura Técnica	Maio/2015	Denegación de bolsa do MEC
Estudantes	EU de Enfermaría	Maio/2015	Adianto do TFG
Estudantes	Fac. de Filoloxía	Xuño/2015	Comportamento
Estudantes	Vic. Estudantes, Deportes e Cultura	Xuño/2015	Bolsas de colaboración en centros adscritos
PDI	Fac. de CC. da Educación	Xuño/2015	Situación laboral
Estudantes	ETS de Náutica e Máquinas	Xuño/2015	Baixo nivel da impartición da docencia
Estudantes	Fac. de Informática	Xuño/2015	Devolución de taxas
Estudantes	Fac. de CC. da Saúde	Xuño/2015	Comportamento
Estudantes	Fac. de Economía e Empresa	Xuño/2015	Reclamación dunha materia
Estudantes	ETS de Arquitectura	Xuño/2015	Libre elección
Estudantes	EU de Enfermaría	Xuño/2015	Matrícula do TFG
Estudantes	Escola Politécnica Superior	Xuño/2015	Coincidencia de data de exames
Estudantes	Vic. Estudantes, Deportes e Cultura	Xuño/2015	Bolsas Santander–Prácticas en empresas
Estudantes	Sec. Estudos de Doutoramento	Xuño/2015	Cualificación da tese de doutoramento
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Xuño/2015	Defensa do TFM
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Xuño/2015	Reclamación dunha cualificación e comport.
PDI	EU de Turismo	Xuño/2015	Comportamento
Estudantes	ETS de Náutica e Máquinas	Xullo/2015	Reclamación da cualificación do TFM
Estudantes	Fac. de Informática	Xullo/2015	Tempo de realización de exames
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Xullo/2015	Defensa do TFM
Estudantes	Fac. de Economía e Empresa	Xullo/2015	Normativa de permanencia
Estudantes	EU Politécnica	Xullo/2015	Revisión de exames
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Xullo/2015	Reclamación de cualificacións
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Xullo/2015	Reclamación da cualificación do TFM
Estudantes	Fac. de Filoloxía	Xullo/2015	Revisión de exame
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Xullo/2015	Avaliación por compensación
Estudantes	Escola Politécnica Superior	Xullo /2015	Extravío de documentación
Estudantes	Fac. de Informática	Xullo/2015	Extinción de titulación
Estudantes	Fac. de Economía e Empresa	Xullo/2015	Peche de actas
Estudantes	Fac. de Economía e Empresa	Xullo/2015	Revisión e reclamación de exames
Estudantes	Fac. de Informática	Xullo/2015	Cambio de grupo
Estudantes	ETS de Arquitectura	Xullo/2015	Modificación dunha convocatoria de bolsas
Alleos	LERD	Agosto/2015	Matrícula
Estudantes	EU de Turismo	Agosto/2015	Apertura de expedientes disciplinarios
Estudantes	Sec. Estudos de Doutoramento	Agosto/2015	Mención cum laude

2. QUEIXAS

Para cada queixa ou reclamación que se presenta na Oficina do Valedor Universitario consígnanse os seguintes datos:

- O número con que queda rexistrado o caso.
- A data con que se presenta o caso; o número de rexistro avanza normalmente en paralelo coa data de presentación da queixa, pero en ocasións non existe unha clara correspondencia por se tratan de casos que inicialmente chegaron á Oficina como simples consultas e que, co tempo, acaban derivando en verdadeiras queixas ou reclamacións.
- O motivo da reclamación, entendendo como tal o que manifesta a parte reclamante, independentemente da súa veracidade e de que lle asista ou non a razón.
- A data de inicio das actuacións, tomando como tales os primeiros pasos dados de cara á resolución

da queixa: análise de normativa ou contacto con algún órgano ou servizo.

- Os órganos e/ou servizos contactados e/ou a consulta de normativa para o efecto ou de abundante documentación. Baixo a denominación xenérica de “dirección do centro” inclúese xeralmente o contacto directo con decanos/as ou directores/as de centro, mais tamén, en determinados casos, con outros cargos da dirección. De maneira semellante debe entenderse tamén as actuacións con determinadas vicerreitorías, direccións de departamento e outros órganos citados de forma xenérica.
- A resolución da reclamación, incluídos os aspectos máis relevantes e, de ser caso, os órganos e/ou servizos aos que se lles remite o informe.
- A data da resolución, ou de remate do seguimento do caso.

CASO 566/343 Data 02/09/2014

Reclamante: Alumna
Inicio: 05/09/2014
Remate: 17/10/2014

Motivo Denuncia a incorrecta aplicación das bases da convocatoria de prazas para estudantes na Residencia Universitaria Pública de Ferrol, así como o procedemento seguido para a notificación dos resultados, ao pasarse directamente da publicación dunha listaxe provisional de adxudicación de prazas a unha listaxe definitiva en que se recollen cambios moi notables sen explicación dos motivos.

Actuacións Sección de Bolsas, Asesoría Xurídica e Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura.

Resolución Tras analizar a convocatoria e as listaxes provisional e definitiva de prazas adxudicadas, apréciase que a convocatoria ten unha organización e uns contidos difíciles de interpretar, que a pesar dos notables cambios producidos entre a listaxe provisional e a definitiva pasouse dunha a outra sen explicar os motivos e sen se consignar ningún novo prazo de reclamación adicional que dotase o proceso da axeitada seguridade xurídica. Ademais, os criterios de selección empregados na listaxe provisional parecían axustarse mellor ás bases da convocatoria que os empregados para a listaxe definitiva.

Consúltase coa Asesoría Xurídica sobre o axuste á legalidade do procedemento levado a cabo para a adxudicación das prazas e pídesse informe á vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura. O informe, asinado pola xefa da Sección de Bolsas, conclúe que houbo un erro no programa informático que levou á adxudicación de prazas a persoas con menor puntuación na listaxe provisional, que o alumnado foi avisado dese erro polo que ninguén chegou a ingresar a fianza e que, ao considerar que se trataba dun erro material, este foi corrixido de oficio directamente coa publicación da listaxe definitiva, de xeito que as persoas adxudicatarias puidesen ingresar na residencia ao comezo do curso. O informe recolle tamén que houbo diversas renuncias e que a finais de setembro se chamara a todas as persoas que estaban en agarda, aínda que moitas non aceptaron por teren xa un piso alugado.

CASO 567/344 Data 11/09/2014

Reclamante: Alumno

Inicio: 11/09/2014

Remate: 27/07/2015

Motivo Alumno con discapacidade ao que lle restan tres materias para rematar os seus estudos de grao, que ten dificultades para superalas e que considera que non se lle está a atender como corresponde á súa situación. Solicita que se adopten as medidas oportunas para non ter que abandonar os estudos.

Actuacións Unidade de Atención á Diversidade (ADI), coordinadora de Atención á Diversidade do centro, direccións dos departamentos e dirección do centro.

Resolución O alumno mantén unha mala relación con profesores de diversas materias, que arrastra de cursos anteriores e que mesmo levou a dous deles a presentaren queixas formais ante a dirección do centro por comportamento indebido.

Tras informarme coa responsable da ADI, profesorado, coordinadora, dirección do centro e dirección dos departamentos, solicito a colaboración de todos para que se extreme o celo en poñer a disposición do alumno toda a documentación que lle resulte precisa e sexa atendido en titorías en todo canto lle corresponda polo seu grao de discapacidade.

O 17 de setembro de 2014 informo o alumno do compromiso do profesorado de seguir en todo punto as propostas de adaptación feitas pola responsable da ADI. Comunícolle, tamén, que as/os directores dos departamentos, en tanto que responsables académicos da docencia, están á súa disposición e á do profesorado implicado para resolver calquera dúbida ou cuestión que teña que ver co cumprimento dos deberes contraídos por cadaquén. Finalmente, indícolle que unha vez fixadas as condicións requiridas para que poida cursar axeitadamente as tres materias que lle restan para rematar os estudos, é tamén a súa responsabilidade a de cumprir axeitadamente cos seus deberes como estudante, participando debidamente en todas as actividades docentes que lle correspondan e procurando manter unha actitude positiva e un trato correcto con todo o profesorado.

Faise un seguimento con diversas intervencións ao longo do curso e o alumno consegue aprobar dúas das tres materias. Para a outra materia solicita e obtén o aprobado por compensación.

CASO 568/345 Data 02/10/2014

Reclamante: Alleo

Inicio: 16/10/2014

Remate: 28/05/2015

Motivo Solicita que se habilite a vía para o acceso á universidade para maiores de 40 anos con experiencia laboral ou profesional, segundo o disposto no RD 1892/2008 do 14 de novembro.

Actuacións Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.

Resolución Tras analizar o asunto, o 16 de outubro de 2014 dirixi un escrito motivado ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías en que solicito a posta en marcha na UDC do sistema de acceso para maiores de 40 anos de acordo co estipulado no Capítulo V do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas.

No escrito faise referencia expresa ao artigo 27, que recolle a necesidade de acreditar unha determinada experiencia profesional ou laboral, ao artigo 36, que establece que o acceso se realizará respecto dunhas ensinanzas concretas ofertadas pola universidade, e ao feito de que de acordo co disposto no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, as universidades incluírán na memoria do plan de estudos verificado os criterios de acreditación e o ámbito da experiencia laboral e profesional en relación con cada unha das ensinanzas.

Saliéntase tamén como o artigo 50 do Real decreto 1892/2008 establece que as universidades reservarán un mínimo do 1% das prazas para o conxunto de persoas que acceden ás ensinanzas universitarias oficiais de grao logo de superaren a proba de acceso á universidade para maiores de 45 anos ou acreditaren unha experiencia laboral ou profesional á que se refire o artigo 36 (maiores de 40 anos).

Por último, indícase que toda vez que os plans de estudo en vigor na nosa universidade comezan a gozar dunha certa experiencia e que xa estamos asistindo á graduación de alumnos polo novo sistema, parece oportuno que se impulse desde esa vicerreitoría tanto a oferta concreta de titulacións como a necesaria incorporación dos criterios de acreditación e o ámbito de experiencia laboral e profesional que sexan precisos.

A resposta da Vicerreitoría demórase e tras reiterar a solicitude de información sobre o particular para dar cumprida resposta á persoa interesada, o 27 de maio de 2015 a adxunta de Títulos coméntame que teñen tal volume de traballo, tanto na Vicerreitoría como no Servizo de Organización Académica, que o asunto non poderá ser abordado antes do verán, pero que se comprometen a dispoñer dun texto para someter a aprobación polo Consello de Goberno coa intención de que sexa operativo no vindeiro curso académico.

O 28 de maio de 2015 comunicásele esta información á persoa interesada.

CASO 569/346 Data 02/10/2014

Reclamante: Alumno

Inicio: 08/10/2014

Remate: 16/10/2014

Motivo Denuncia a perda dun dos catro CD que entregara para a defensa do seu TFG e que a pesar de telo posto en coñecemento do centro non lle deran solución ningunha. Amosa a súa preocupación e solicita que se poña maior empeño na súa busca, mobilizando, se fose preciso, os profesores que tiveran acceso ao lugar onde se gardaban.

Actuacións Dirección do centro.

Resolución Tras solicitar información ao director do centro, o 13 de outubro remíteme un informe en que se comunica que se defenderon arredor de 50 traballos, polo que se manexaron uns 200 cedés, que se custodiaron na sala de profesorado, a cal permanece pechada e só se abre a petición dos membros dos tribunais os días previos á defensa dos TFG. Comenta, tamén, que se revisaron os lugares onde se mantivo a documentación do TFG do interesado sen atoparse e que se consultou co PAS e o profesorado relacionado cos procesos seguidos, para acabar concluíndo que non se ten constancia da entrega dun número determinado de CD polo estudante.

O director informa tamén de que como medida de futuro se revisarán os protocolos para deixar constancia precisa da documentación que entregan os estudantes e un rexistro de retiradas e devolucións, na medida en que deban realizarse estas últimas.

Con data do 16 de outubro remítese copia deste escrito ao interesado, ao tempo que se lle tranquiliza sobre o alcance da perda, facendo alusión ao artigo 27 do Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante Universitario, que recolle que a publicación ou reprodución total ou parcial dos traballos para calquera outra finalidade distinta da estritamente académica, requirirá a autorización expresa do autor ou autores, de acordo coa lexislación de propiedade intelectual. Abúndase no feito de que unha vez defendido o seu traballo diante dun tribunal e habendo constancia da súa autoría, a lexislación ampárao fronte a calquera posible plaxio.

CASO 570/347 Data 08/10/2014

Reclamante: Alumna

Inicio: 08/10/2014

Remate: 09/10/2014

Motivo Pedimento de intervención para que se resolva favorablemente a súa solicitude de defensa do TFG no curso 2013/14 tras a aprobación da última das materias por compensación.

Actuacións Vicerreitoría de Titulacións, Calidade e Novas Tecnoloxías.

Resolución Ao comprobar que a alumna en cuestión ten presentada unha reclamación polos mesmos motivos ante o reitor, comunícaselle que de acordo co artigo 16.3 do Regulamento do Valedor Universitario non resulta procedente a intervención deste no seu caso concreto.

Porén, como todo parece indicar que se trata dun asunto que estaría a afectar gravemente a todo un conxunto de estudantes e que deriva dunhas actuacións de índole administrativa aparentemente anómalas e suficientemente documentadas, ás que o alumnado sería alleo, decido dirixir de oficio un escrito ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para lle solicitar que se dean todos os pasos necesarios na procura dunha rápida e xusta solución á defensa dos TFG do curso 2013/14 por parte das/os estudantes que, antes da malograda oportunidade de setembro, viñan de aprobar por compensación a última materia dos seus estudos. Suxírese que, dada a natureza do asunto, e na busca dunha solución satisfactoria, se conte coa colaboración do decanato e co asesoramento e o apoio técnico do Servizo de Organización Académica.

CASO 571/348 Data 08/10/2014

Reclamante: Alumna

Inicio: 09/10/2014

Remate: 29/10/2014

Motivo Logo de transcorrer un mes desde o comezo das clases comunicánlle que hai un erro na súa matrícula e que debe modificala, cambiando materias de 3.º curso por materias de 2.º curso que ten sen superar. A alumna manifesta a súa preocupación pola incorporación tardía en novas materias e solicita que se lle permita seguir matriculada naquelas materias do 1.º cuatrimestre para as que xa investiu tempo na súa preparación.

Actuacións Servizo de Organización Académica e dirección do centro.

Resolución Tras contactar co Servizo de Organización Académica e coa dirección do centro, apréciase que, primeiro, a alumna se matriculou de 1.º curso e posteriormente (o 24/09/2014) e debido a novos recoñecementos fixo unha modificación de matrícula, ampliando a materias de 2.º e 3.º curso. O centro notificáralle telefonicamente o devandito erro na primeira semana de outubro e indicáralle que debía pasarse pola Administración para corrixilo no prazo máis breve posible.

Informáselle á alumna de que tanto desde o centro como desde o Servizo de Organización Académica da UDC comentan que o tempo transcorrido entre a matrícula e a notificación do erro non xustificaría a excepcionalidade que suporía o contravir a Normativa de permanencia de estudantes de grao e mestrado na Universidade da Coruña, aprobada polo Consello Social da Universidade o 27 de marzo de 2014. Ao tempo, comunícaselle tamén que tendo en conta as circunstancias, o decano amósase disposto a facilitarlle todo o que estea na súa man, tanto no relativo a reestruturación da matrícula como no que se refire ao contacto co profesorado, na procura dunha flexibilidade no modo de escolarización que lle permita afrontar mellor os cambios derivados da súa nova matrícula.

CASO 572/349 Data 09/10/2014

Reclamante: Alumna

Inicio: 09/10/2014

Remate: 15/10/2014

Motivo Tras ser admitida nun mestrado nunha determinada especialidade e a piques de dar comezo o curso, o coordinador comunícalle que houbo un erro na admisión e que só pode matricularse se o fai noutro itinerario.

Actuacións Administración do centro, coordinador do mestrado e dirección do centro.

Resolución Desde a administración que se ocupa do mestrado comunicánnos que o erro que se produciu coa súa admisión non pode ser resolto pois a súa titulación de orixe non permite cursar na UDC a especialidade solicitada.

Ao revisar as listaxes provisionais e definitivas de alumnado admitido e excluído no itinerario solicitado pola interesada, apréciase que houbo outras solicitudes de persoas coa mesma titulación que foron excluídas polo motivo "Titulación non axustada ao perfil de ingreso no itinerario".

O erro sería, pois, en principio, de índole administrativa, manténdose na listaxe definitiva a indebida inclusión que xa figuraba na listaxe provisional, pero este erro non se tería seguramente chegado a producir se no documento de "Acceso e admisión de estudantes", que figura na páxina web, estivese actualizada a información relativa ás titulacións de acceso á especialidade en cuestión, a cal recolle erroneamente como titulación de acceso a que posúe a interesada.

No correo que remito á interesada con data do 15 de outubro de 2014, notifíco-lle estes extremos, recórdolle a posibilidade de cambio de especialidade ofrecido polo coordinador do mestrado e coméntolle que, como valedor universitario, comunicarei ao coordinador do mestrado a imperiosa necesidade de actualizar os contidos da páxina web, co fin de evitar erros de consecuencias tan graves como as que lle están a afectar. Por último, coméntolle que no ámbito da universidade asístelle o dereito a presentar unha reclamación ante o reitor.

O 8 de xaneiro de 2015 remito un oficio ao coordinador do mestrado, con copia á decana, en que detallo o fondo deste asunto e lémbrolle noutro escrito do 22 de xullo de 2014, de índole semellante e de máis fondo calado, no que xa lle transmitira, sen éxito, a necesidade e a importancia de actualizar os contidos da páxina web do mestrado. O 12 de xaneiro o coordinador notifícame que se vai proceder de inmediato á corrección dos referidos erros/incorreccións.

CASO 573/350 Data 10/10/2014

Reclamante: Alumna

Inicio: 10/10/2014

Remate: 13/10/2014

Motivo Desestímanlle na Reitoría a súa solicitude de anulación de matrícula en tres materias, que solicitara alegando como motivo o falecemento repentino dun familiar en primeiro grao durante a época de exames.

Actuacións Actuacións: Servizo de Organización Académica.

Resolución O falecemento producírase o 23 de maio e a alumna presentara a solicitude de anulación de matrícula e devolución de taxas o 16 de xullo. A desestimación producírase pola Resolución reitoral do 6 de agosto de 2014; a excesiva tardanza na presentación da solicitude, entre outras razóns, facía inviable acceder ao solicitado.

Reclamante: Alumna

Inicio: 17/10/2014

Remate: 24/02/2015

Motivo Solicita mediación ante o coordinador do mestrado no seu proceso de matriculación, así como información sobre os criterios de avaliación do *Practicum* e a cobertura do seguro (desprazamento ao centro, posibles accidentes no laboratorio...).

Actuacións Coordinador do mestrado.

Resolución Trátase dunha persoa que antes de matricularse desexa coñecer detalladamente as condicións en que se desenvolverían os seus estudos, ao suspender xa o *Practicum* nunha ocasión e considerar que non se están a dar as condicións de escolarización requiridas nin existen uns procedementos de avaliación axeitados.

Solicítase ao coordinador do mestrado un compromiso de reforzo do seguimento académico, que poida servir para infundir confianza á interesada, tendo en conta o seu estado anímico e a súa forma de enfocar as relacións coa Administración e a docencia partindo da súa bagaxe de formación e experiencia previa en ámbitos relacionados.

Nun escrito remitido o 21 de outubro de 2014, o coordinador infórmame do compromiso da Comisión Académica do Mestrado de estudar a viabilidade dos requirimentos unha vez que a alumna formalice a súa matrícula. A alumna podería solicitar a avaliación anticipada do seu TFM, pero os prazos están xa ao límite para poder cursar o *Practicum*. Desde a Oficina do Valedor comunicamos esta información á interesada, ao tempo que a informamos sobre as condicións do seguro escolar e lle recomendamos que se matricule sen máis dilación.

Tras recibir numerosos correos da alumna con novos requirimentos de información e de garantías previas á matriculación, remitidos directamente ao valedor universitario ou a outras instancias con copia ao valedor, o 28/10/2014 remíttolle un correo coas seguintes consideracións:

Como usuaria da Administración pública, ten vostede dereito a ser informada sobre as condicións estipuladas para o desenvolvemento dos estudos que pretende realizar, pero nestes momentos vostede non ten aínda a condición de alumna da Universidade da Coruña. Debe ter presente que os recursos humanos dos que dispón a Administración universitaria son limitados e non sempre permiten dar resposta inmediata e por escrito a todas as demandas, especialmente cando son realizadas por persoas alleas á institución e que se dirixen a ela dun xeito extraordinario e compulsivo.

Debe vostede ter en conta que por mor da súa condición, tanto a Universidade da Coruña como os centros acreditados para a realización das prácticas, están suxeitos a unha lexislación e a unhas normas que deben garantir unha axeitada escolarización do seu alumnado.

As garantías básicas que outorga a Universidade da Coruña para unha correcta escolarización no Mestrado emanan, entre outros, do plan de estudos da titulación, convenientemente verificado e aprobado de acordo coa legalidade vixente, dunha completa Guía das Prácticas Docentes, e da póliza de seguro subscrita pola UDC para todo o seu alumnado. Toda esta información está dispoñible na páxina web da Universidade e/ou da facultade.

As prácticas do mestrado realízanse en centros que están baixo a dependencia directa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, coa que a UDC ten subscrito o correspondente convenio de colaboración. A propia Consellería é a responsable última da acreditación dos centros nos que haberán de impartirse as prácticas, polo que cabe supoñer que estes centros cumpren con todos os requisitos necesarios para que o alumnado do mestrado poida realizar as prácticas con plenas garantías de axuste á legalidade. En todo caso, as responsabilidades en que eventualmente puideren incurrir estes organismos poderían ser demandadas ante eles mesmos ou, de consideralo preciso, por vía xudicial.

Unha vez matriculado, o alumnado dispón de responsables de centro, coordinadores e tutores para ser orientado e informado con detalle, ou para resolverlle

calquera dúbida ou problema que puidese estar relacionado co desenvolvemento das súas propias prácticas.

Entendo, pois, que se o que pretende realmente vostede é matricularse no mestrado, dispón para iso da suficiente información e garantías de cumprimento da legalidade.

Percibo que pretende vostede esixir que se lle aseguren previamente unhas condicións que ou ben xa están recollidas na norma ou ben implicarían un trato especial.

Confío en que tomará vostede a decisión máis conveniente para poder rematar axeitadamente os seus estudos de mestrado como alumna da Universidade da Coruña.

Na Oficina do Valedor Universitario séguense a recibir continuos correos da interesada, antes e despois de matricularse. Son maiormente copia de correos intercambiados co coordinador e outros responsables académicos e docentes (novas solicitudes de información, solicitude de recoñecemento da actividade profesional, claro cuestionamento do labor do titor do *Practicum*, asignación de titor para o TFM ...). O feito de que o valedor universitario estea ao corrente de todo o proceso parece xerar unha maior confianza na interesada, quen finalmente consegue rematar os seus estudos cunha defensa do TFM non exenta de polémica.

CASO 575/352 Data 16/10/2014

Reclamante: Grupo de alumnas/os

Inicio: 20/10/2014

Remate: 11/02/2015

Motivo Ao ter pendente de superar unha materia anual ou unha materia do 2.º cuatrimestre da primeira metade do plan de estudos, non poden matricularse no TFG para finalizar os seus estudos de grao, o que, para moitos deles, supón non poder matricularse no curso seguinte no mestrado que os habilitaría para o exercicio da profesión.

Actuacións Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.

Resolución O 20/10/2014 informo do contido do correo a Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías (VTCTN), cunha análise do alcance da normativa en que se conclúe que as diferenzas na configuración do plan de estudos no caso desa titulación (materias anuais) e o feito de que unha materia pendente da primeira metade dos estudos poida impedir ou non a matrícula do TFG segundo que sexa do 2.º ou do 1.º cuatrimestre están a xerar situacións de desigualdade que, na medida do posible, cumpriría superar. Solicítase un estudo da situación e recoméndase que se faga unha reforma da normativa de carácter máis inclusivo, obviando na medida do posible esas circunstancias.

O 29/10/2014 contacto coa adxunta de Títulos da VTCNT para tratar o asunto. Segundo me comenta, existen tamén propostas de centros en sentido máis restritivo, polo que queren analizar o tema en profundidade antes de pronunciarse; a modificación podería demorarse algo. Infórmase aos interesados.

Próximo a rematar o primeiro cuatrimestre, o 5/12/2014 a primeira asinante da queixa interésase por saber se había algunha novidade e preguntame se sería unha boa opción que elas/es falasen directamente co vicerreitor para informalo de primeira man do problema que lles afecta.

Tras falar de novo coa adxunta de Títulos da VTCNT e coñecer que no próximo Consello de Goberno non estaba prevista ningunha modificación da norma, o 09/12/2014 póño en coñecemento do alumnado, reúnome con eles o 16/12/2014 para debater a fondo sobre o asunto e comentarlles a miña intención de remitir de inmediato un oficio ao vicerreitor recomendándolle unha solución en positivo. Aconséllolles que, de non producirse unha resposta rápida por parte da Vicerreitoría, tal e como suxerían, pidan cita co vicerreitor para

trasladarlle a súa problemática de primeira man. Recomendolles tamén que, se o desexan, acheguen o seu expediente académico, pois é un problema que está a afectar tamén a estudantes con elevadas cualificacións.

O propio 16 de decembro de 2014 remito un oficio ao vicerreitor de TCNT en que suxiro a modificación do artigo 1.2 da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do TFG e do TFM, mantendo o seu espírito pero corrixindo na medida do posible os agravios comparativos derivados de que a materia da primeira metade do plan de estudos pendente de superar sexa anual ou non, ou sexa do 1.º ou do 2.º cuatrimestre. Trataríase de equilibrar ao máximo as condicións requiridas para o acceso ao TFG. Unha norma reguladora de carácter xeral debería afectar por igual a todo o alumnado da universidade, tratando de evitar calquera tipo de discriminación por razón de diferenzas entre os plans de estudos.

O 10 de febreiro de 2015, a primeira asinante da queixa comunicame amablemente que a reunión co vicerreitor levou a unha solución do problema sen modificación da normativa, ao posibilitarlles a defensa do TFG entre outubro e decembro, tras o cal a matrícula no mestrado adquiriría un carácter formal. Esta solución podería xerar problemas para os demandantes de bolsas do Ministerio, pero na Vicerreitoría comprometéranse a buscar tamén o modo de arranxalo.

CASO 576/353 Data 27/10/2014

Reclamante: Allea	Motivo	Solicita que se retiren todos os seus datos persoais dunha serie de ligazóns da páxina web da UDC.
Inicio: 29/10/2014	Actuacións	Secretaría Xeral.
Remate: 29/10/2014	Resolución	Comunícaselle que a Oficina do Valedor Universitario non ten capacidade executiva e que, polo tanto, non podemos ocuparnos directamente da súa solicitude, pero que postos en contacto coa Secretaría Xeral para informalos do asunto, coméntannos que o caso está xa a ser analizado pola Asesoría Xurídica para proceder axustándose plenamente á legalidade.

CASO 577/354 Data 30/10/2014

Reclamante: De oficio	Motivo	Un alumno solicita asesoramento e orientación sobre como enfocar un recurso de alzada ante a resposta negativa á súa solicitude de aprobado por compensación de dúas materias que durante os seus estudos sempre foran tratadas como unha soa. O alumno comenta que cre estar nunha circunstancia similar á doutro alumno que no pasado recente obtivera o aprobado por compensación tras a presentación dun recurso de alzada. Como queira que se participara activa e decisivamente na resolución favorable á que facía referencia o interesado (caso de referencia 542/319) e tendo en conta que o alumno que agora pide asesoramento parecía non ser o único que volvía atoparse nesas mesmas circunstancias, tras asesoralo, remito un escrito, de oficio, ao vicerreitor de Títulos Calidade e Novas Tecnoloxías no que incido sobre ese particular, co fin de velar polos lexítimos intereses do conxunto do alumnado que puidese atoparse nas mesmas circunstancias.
Inicio: 30/10/2014	Actuacións	Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
Remate: 19/12/2014	Resolución	O 19/12/2014 recibimos do Servizo de Organización Académica copia das resolucións reitorais recaídas sobre os recursos de alzada presentados polo estudante que fixera a consulta e dous estudantes máis. Tales resolucións, apoiadas no informe do valedor universitario do 14 de abril de 2014, resultan favorables para os interesados.

CASO 578/355 Data 03/11/2014

Reclamante: Alumno

Inicio: 04/11/2014

Remate: 09/12/2014

Motivo Cuestiona como se está a levar a cabo a xestión da matrícula e das bolsas por parte da Fundación da Universidade da Coruña nun título propio de posgrao, así como a falta de información sobre estes e outros moitos aspectos: organización da docencia, seguro de accidentes, acceso ao servizo de biblioteca, Aula NET...

Actuacións Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.

Resolución Ponse o asunto en coñecemento da adxunta para Títulos da Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, quen o 09/11/2015 nos remite unha detallada resposta ás cuestións formuladas polo interesado que non lle foran aínda aclaradas por outras instancias ás que xa acudira previamente na procura de información. Entre outras aclaracións, o escrito da Vicerreitoría recolle:

Tal e como se recolle no artigo 12 do Regulamento de estudos propios de posgrao, o estudantado que se matricular en cursos propios de posgrao da UDC terá dereito ao uso das instalacións e dos servizos universitarios nas mesmas condicións que o alumnado de estudos oficiais durante o período de impartición do curso.

A UDC contempla a posibilidade de delegar na Fundación Universidade da Coruña a xestión económica dos seus títulos, e tamén, se así o acordan entre a FUAC e a dirección do curso, a xestión administrativa, tal e como sucede neste caso. Na actualidade estamos traballando para que desde o momento da preinscrición a propia aplicación xere un documento que acredite o pago da matrícula, de maneira análoga a como sucede nos títulos oficiais, sen necesidade de que o estudante teña que facer solicitude ningunha.

CASO 579/356 Data 19/11/2014

Reclamante: Alumnos

Inicio: 28/11/2014

Remate: 10/07/2015

Motivo A situación en que se atopan os/as estudantes a raíz do cambio que se produciu na denominación do seu título de grao.

Manifestan sentirse estafados e que, de saberen que os seus estudos non ían ser considerados como estudos de enxeñaría, moitos deles terían elixido outra carreira, pois pensan que a denominación pode influír nas súas posibilidades de incorporación ao mercado laboral.

Solicitan a colaboración do Valedor para coñecer a fondo todo o proceso que levou á invalidez da denominación do seu título de grao, así como os pasos dados pola UDC na súa defensa e as medidas que se poderían adoptar ao respecto por parte da universidade.

Actuacións Dirección do centro, vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías e Secretaría Xeral.

Resolución Como primeira actuación, o 28 de novembro solicítase información ao director do centro sobre os pasos dados a respecto da implantación e a defensa dos graos en enxeñaría no seu centro, sobre a afectación do cambio de denominación do grao ao alumnado que iniciou os seus estudos como un grao en enxeñaría, sobre a publicidade dada ao proceso entre o alumnado e sobre os pasos que, de ser o caso, tiñan previsto dar no inmediato futuro.

No escrito de resposta, recibido o 14/01/2015, o director do centro comeza por comentar que a meirande parte da comunidade da escola, e en particular a súa dirección, teñen tamén un sentimento de estafa e mesmo de ilícito penal e que, en todo caso, o conxunto da información xurídica ao respecto do contencioso, sentenza incluída, supón que será coñecida polo valedor universitario con anterioridade ao requirimento que lles solicita, por constar toda ela nos servizos xurídicos da Universidade.

Recóllese tamén no escrito que, a pesar de a sentenza estar recorrida en casación, a Universidade instounos, por imperativo da Xunta de Galicia, ao cambio de denominación dos graos, sendo as novas denominacións as acordadas pola Conferencia de Directores das Escolas afectadas. A primeira sentenza correspondeu á Universidade de Cantabria en termos favorables cara ao mantemento do termo "enxeñaría" e curiosamente o resto das sentenzas posteriores foron todas desfavorables. As universidades de La Laguna e A Coruña foron as primeiras en iniciar os trámites para o cambio de denominación, seguindo o procedemento oficialmente establecido de solicitude ante a ANECA, sen que a día de hoxe estea verificada favorablemente a nova denominación.

O director afirma tamén no seu escrito que, desde o mesmo momento da presentación do recurso por parte do correspondente Colexio Oficial, informou permanentemente en Xunta de Centro, invitando á asistencia a todos os membros da comunidade educativa en cada unha das sesións nas que se debateron as accións que cumpriría tomar e mesmo convocou unha asemblea xeral cando finalmente saíu a sentenza e a UDC obrigou á modificación das denominacións. En todo caso, sinala o director, os alumnos recibiron todos e cada un dos informes que lles fixo chegar ao respecto durante a tramitación do recurso. O cambio de denominación tivo lugar no mes de marzo do curso pasado e os alumnos de primeira matrícula foron informados en primeiro lugar da situación das denominacións dos graos na propia xornada de acollida, tras darlles a benvida.

Comenta tamén o director do centro que non existe partida orzamentaria para o mantemento da información web dos centros e que, en todo caso, é un asunto que se irá actualizando, mais que é de difícil comprensión que se se fai referencia ás novas titulacións, algún alumno poida considerarse desinformado.

No escrito do director alúdese tamén á nula personalidade xurídica dos centros e ás limitacións orzamentarias; o recurso custeouse a través das asociacións profesionais, con achegas do profesorado e membros da comunidade educativa da Escola, tendo que encargar a defensa xurídica a un prestixioso bufete de avogados, vistas as limitacións que os servizos xurídicos da UDC amosaron para facérense cargo da defensa xurídica.

Tras comentar que o curso pasado, por mor do recurso e de non ter garantías a respecto da sentenza, non realizaron ningún tipo de campaña de captación de alumnos (como si viñan facendo intensamente con anterioridade), e tras salientar que a situación que se está a dar resulta moi prexudicial para o alumnado, pois mesmo non se lles pode expedir o título por orde da Dirección Xeral de Política Universitaria, agradece o interese amosado polo valedor e maniféstalle que lles gustaría coñecer o que a UDC leva realizado nun asunto da transcendencia e gravidade como do que se trata.

O 21/01/2015, co obxecto de dar axeitada e completa resposta aos interesados, remítese un escrito ao secretario xeral e ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías en que se lles solicita información sobre os pasos dados pola UDC na defensa dos seus intereses e sobre en que medida queda aínda algunha porta aberta á esperanza para que se restitúa a denominación orixinal do título. Ese mesmo día remíteselles aos alumnos unha copia deste oficio e mais do escrito de resposta que nos fora remitido pola dirección do centro.

Tras varios recordatorios e un requirimento vía oficio o 18/06/2015 con que urxía resposta á miña solicitude de información do 21/01/2015, o 06/07/2015 o secretario xeral remíteme a documentación e o informe elaborado pola letrada asesora da universidade. Neste informe faise referencia á sentenza do Tribunal Supremo de 13 de decembro de 2013 en que se estimaban parcialmente as pretensións da parte actora, que impugnara o acordo do Consello de Ministros do 11 de febreiro de 2011 polo que se establecía o carácter oficial de determinados títulos de grao e a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT); detállase a interposición por parte da UDC dun recurso de casación para a unificación de doutrina o 28 de marzo do 2014 ante un pronunciamiento radicalmente distinto do mesmo tribunal respecto de idéntico suposto (caso da Universidade de Cantabria); e relátase como finalmente a UDC tivo que acatar a resolución ditada pola Dirección Xeral de Política Universitaria do MECD cumprindo coa sentenza ditada polo Tribunal Supremo malia a interposición do

devandito recurso de casación. O informe remata coa indicación de que a UDC está aínda á espera de que se dite sentenza sobre o seu recurso de casación.

O 10/07/2015 remito copia do informe da asesora letrada aos interesados, comunicolles a posibilidade de consultaren toda a documentación que existe sobre o asunto na Oficina do Valedor Universitario e, tras lamentar os inconvenientes que a sentenza do Tribunal Supremo de 13 de decembro de 2013 lles teña podido ocasionar nas súas lexítimas expectativas, coméntolles que o asunto enmárcase nun contexto máis amplo que afecta tamén a outras titulacións do ámbito da enxeñaría, tanto nesta como noutras moitas universidades do Estado que viron como, a pesar de seguir as normas e os procedementos formalmente establecidos para a elaboración e a aprobación de novos títulos de grao, o Tribunal Supremo deu parcialmente a razón (eliminando a denominación "Enxeñaría") a diferentes colexios profesionais de enxeñeiros que recorreron en contra destes.

CASO 580/357 Data 18/11/2014

Reclamante: PDI

Inicio: 19/11/2014

Remate: 11/12/2014

Motivo Busca dunha solución á súa situación laboral. Está a piques de rematar o seu contrato como profesor axudante doutor e, a pesar de cumprir sobradamente con todos os requisitos esixidos pola UDC para poder promocionar a contratado doutor, informásele desde a universidade da resposta desfavorable da Secretaria Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Xunta de Galicia e ve en perigo a súa estabilidade como PDI.

Actuacións Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente.

Resolución Tras entrevistarme coa persoa interesada, comprobar que cumpre cos requisitos formais que se recollen no convenio colectivo como compromiso de estabilidade (acreditación para contratado doutor) e que mesmo parece dispor de sobrados méritos investigadores (avaliada como investigador tipo B pola ANEP), académicos e docentes (notable implicación na xestión do centro, elevada valoración do labor docente polo alumnado), contacto co vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente para interesarme pola actuación levada a cabo desde a Vicerreitoría e pola existencia de posibles vías de solución.

O 05/12/2014 recibo un informe do vicerreitor en que se detallan e se documentan as actuacións levadas a cabo para a promoción do contrato, se inclúen os dous escritos de denegación asinados conxuntamente polo secretario xeral de Universidades e o director Xeral de Planificación Orzamentaria, e se comenta que por parte do Consello de Dirección da UDC estanse a valorar posibles alternativas, entre elas a posibilidade de utilizar a taxa de reposición para convocar unha praza de contratado/a doutor/a na área en cuestión; alternativa condicionada á aprobación da oferta de emprego da UDC para o ano 2015 que ten que facerse no primeiro trimestre do ano.

Analizada a normativa de aplicación, e nomeadamente o artigo 35 do II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades do SUG, prorrogado ata o 31 de decembro de 2014 en todas as súas cláusulas por acordo da Comisión Negociadora do III convenio colectivo (DOG do 29 de xullo de 2014), o artigo 52 da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril pola que se modifica a Lei orgánica 6/2011, do 21 de decembro, de universidades (LOU), e o Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, que recolle no seu artigo 6 unha nova redacción do artigo 68 (Régime de dedicación) da Lei 6/2001, aprécianse aspectos de cuestionable legalidade que cumpriría destacar en favor da persoa interesada. Así, tras lamentar a intromisión doutras administracións na autonomía universitaria ata extremos indebidos e co ánimo de apuntalar as posibles vías de solución que permitirían cumprir co compromiso de estabilidade do convenio colectivo, o 11/12/2014 remito un escrito ao vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente en que detallo todas esas cuestións e remato coas seguintes consideracións e suxestións:

Consciente da importancia da promoción e da consolidación dun cadro de persoal que permita á UDC competir axeitadamente tanto no eido da docencia como no da investigación, a Universidade da Coruña mesmo ten recollido nos seus Estatutos o compromiso formal de estabilidade para o profesorado que prestaba os seus servizos no momento de entrada en vigor da LOU, e ten plasmado no convenio colectivo actualmente en vigor ese mesmo compromiso de estabilidade para os axudantes doutores que dispoñan de acreditación para poder ser contratados como Profesores Contratados Doutores.

A negación das consellarías de Educación e de Facenda á concesión dunha praza que permita dar continuidade á carreira académica da profesora, a pesar da UDC certificar que a provisión que se pretende está dotada no capítulo I dos seus orzamentos e non afecta ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, pon en serias dificultades á universidade para cumprir co artigo 35 do convenio colectivo. Porén, ao tratarse dun convenio en vigor, que ten xerado unhas claras expectativas de futuro e que, polo tanto, tería levado á interesada a orientar o seu futuro profesional á busca dunha estabilidade como PDI na UDC, parece imprescindible que a universidade faga todos os esforzos posibles para dar cunha solución satisfactoria que posibilite a súa estabilidade como profesor contratado doutor da Universidade da Coruña. Nese senso, agardo que as posibles alternativas que se están a considerar por parte do Consello de Dirección cheguen a bo termo coa maior brevidade posible.

Comunícaselle o informe á interesada.

Apróbase finalmente unha praza de contratado doutor, que sae a concurso e é gañada pola interesada.

CASO 581/358 Data 10/12/2014

Reclamante: PDI

Inicio: 10/12/2014

Remate: 12/12/2014

Motivo Remite unha copia do escrito de impugnación dirixido ao reitor e outros dous escritos cos que cuestiona o acordo do Consello de Goberno do 30/10/2014 polo que se convocan eleccións de representantes ao Claustro, xuntas de centro e consellos de departamento, e solicita que, por tratarse dun tema de singular transcendencia, inicie como valedor universitario as actuacións de oficio que, en rigor, corresponden.

Actuacións Presidente da Comisión Electoral Central.

Resolución Ante o inminente do proceso de votación, que comezaba ás 10:00 h do día seguinte á recepción da queixa, procedemos a unha rápida análise do asunto e a solicitar información ao presidente da Comisión Electoral.

Toda vez que non se aprecian motivos que xustifiquen a paralización do proceso electoral –decisión que, en todo caso, lle correspondería adoptar á Comisión Electoral Central–, o 12/12/2014 remito informe ao interesado, ao presidente da Comisión e ao reitor. Reprodúcese, a continuación, o contido íntegro deste informe:

Estimado profesor,

Sobre as 12:00 horas do pasado día 10 dos correntes, o conserxe do CUR faime entrega dun sobre que contén un escrito seu dese mesmo día no que me notifica a impugnación do acordo do Consello de Goberno do 30 de outubro de 2014 polo que se convocan eleccións de representantes ao Claustro, xuntas de centro e consellos de departamento e me solicita as actuacións de oficio que, en rigor, me correspondan como Valedor, ao considerar que se trata dun tema de singular transcendencia que afecta aos piares institucionais.

Xunto con este escrito, remíteme copia de dous escritos dirixidos ao reitor, ambos con rexistro de entrada do propio día 10 de decembro.

No escrito dirixido por vostede como único asinante, con copia ao secretario xeral, ao presidente do Consello Social, aos representantes sindicais e ao

valedor universitario, manifesta non ter recibido resposta a un escrito que remítira ao secretario xeral e ao reitor o pasado 12 de novembro, e ser coñecedor, a través dun membro da Comisión Electoral, de que os puntos indicados no seu escrito non foran sometidos á consideración desta. Comenta que as dúbidas que expresou no seu escrito non foran aínda disipadas e as suxestións que fixera foran ignoradas sen achegar argumentos que puideran facer pensar sobre a idoneidade e/ou adecuación do proceso electoral.

No escrito de impugnación asinado por vostede e os profesores ***, *** e ***, presentan unha serie de argumentos polos que consideran que o proceso electoral regulado a través do acordo do Consello de Goberno de 30 de outubro de 2014 non conta coas mínimas garantías democráticas esixibles.

Ante o inminente do proceso de votación, que comezaba ás 10:00h do día seguinte á recepción do seu escrito, na nosa oficina procedemos a unha rápida lectura do Regulamento electoral xeral, naqueles aspectos que puideran estar máis directamente relacionados co asunto, apreciando que entre as funcións da Comisión Electoral Central recollidas no artigo 7 apdo. 2 está a da “resolución das consultas que lle fixeren os órganos da universidade ou as persoas interesadas acerca de asuntos da súa competencia e, en particular acerca da interpretación e aplicación da normativa electoral” (I). O apdo. 1 dese mesmo artigo recolle explicitamente que “A Comisión Electoral Central é o órgano colexiado responsable da organización e o seguimento dos procesos electorais xerais da Universidade da Coruña, e o apdo. 3, que “Os acordos da Comisión Electoral Central en segunda ou única instancia esgotan a vía administrativa”.

Tamén puidemos comprobar que, en lugar destacado da páxina web da UDC tense acceso a toda a información relativa ao desenvolvemento do proceso electoral e ás bases que o rexen. Ao acceder a “Eleccións órganos colexiados 2014” éntrese directamente na páxina da Secretaría Xeral, onde pode encontrarse a documentación necesaria para o coñecemento do proceso electoral e as garantías que ofrece. Así, en “Voto electrónico”, apréciase como o sistema de voto electrónico que se está a utilizar na UDC é común para todo o Sistema Universitario Galego, pois é a propia Xunta de Galicia a que o impulsa, a través da súa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica; neste mesmo documento informativo, recálcense a seguridade e as vantaxes do sistema, explícase o seu funcionamento e infórmase da plataforma que o soporta e mais do seu elevado recoñecemento internacional. Igualmente, quen estea a ler as “Instrucións para realizar o voto electrónico” atoparase co enlace <http://evoto.udc.es> ao remate do documento, desde onde se accede a esa mesma información.

Partindo desas rápidas apreciacións á vista da información publicada na web, tendo en conta o feito de que ningún outro membro da comunidade universitaria manifestara na nosa oficina reticencias sobre as bases polas que se estaba a desenvolver o proceso electoral (incluído o uso do voto electrónico), considerando que se a Comisión Electoral Central tivese a máis mínima dúbida da legalidade do procedemento utilizado ela mesma debería terse ocupado do asunto como corresponde ás súas competencias, e tendo en conta que o que se estaba a impugnar era unha resolución reitoral ditada había máis dun mes, considero inicialmente que non procede unha suspensión cautelara do proceso. Aínda así, ás 13:45h do propio día 10 contacto telefonicamente co secretario xeral, na súa calidade de presidente da Comisión Electoral Central, para comentarlle que, na miña opinión, a Comisión debería dar resposta ao escrito de 12 de novembro, e para interesarme por se houberse algunha circunstancia excepcional que eu descoñecera e pola que puidese resultar procedente a paralización do proceso electoral na véspera do día da votación. O presidente da comisión coméntame que non aprecia irregularidades no proceso e que me informará sobre todo o que eu precise.

Ás 9:02h do día 11 recibo un correo electrónico do presidente da Comisión Electoral Central, no que me envía un correo que remitiu o día 10 ás 19:08 h aos membros da Comisión, e no que expresa as razóns polas que non deu prioridade á contestación ao seu escrito de 12 de novembro e polas que considera que sería unha irresponsabilidade suspender cautelarmente o proceso electoral.

Se ben é de agradecer calquera suxestión encamiñada á mellora de calquera proceso de participación democrática, e estou seguro de que dun xeito ou outro algunhas das súas reflexións sobre o proceso electoral poden ser de utilidade para perfeccionar este tipo de procesos na UDC, na miña opinión, tanto pola información achegada como polas garantías que parece ofrecer o sistema de votación empregado e a verificación do recuento –que segundo o art. 7.2 i corresponde á propia Comisión Electoral Central-, o proceso electoral debía seguir o seu curso normal, cumprindo co calendario establecido.

Toda vez que todas as cuestións que lle preocupan están formuladas e encamiñadas diante dos órganos competentes para resolvelas (Comisión Electoral Central, reitor), comunícolle que, en cumprimento do artigo 16.3 do Regulamento do valedor universitario, debo suspender as miñas actuacións sobre o caso, que deberá ser tratado como corresponda polos devanditos órganos.

CASO 582/359 Data 18/12/2014

Reclamante: PDI

Inicio: 23/12/2014

Remate: 11/02/2015

Motivo *a) A desatención das obrigas do reitor en canto a dar resposta a peticións lexítimas de membros da comunidade universitaria; b) A imposición abusiva por parte dunha entidade de condicións a membros da nosa institución, sen que medie o visto e prace desta; e c) O trato desigual de distintas entidades coas que a UDC ten convenios.*

Actuacións Reitor e secretario xeral.

Resolución O asunto garda relación cunha modificación do procedemento de facturación por parte da Fundación Ingeniería Civil de Galicia (FICG), comunicada polo tesoureiro aos usuarios, e que o reclamante considera unha iniciativa abusiva e non recollida no convenio vixente suscrito coa UDC.

Ao considerarse afectado pola medida, o reclamante remitira un escrito ao reitor o 09/07/2014 e solicitaralle un ditame xurídico sobre a legalidade do procedemento e, no seu caso, o desenvolvemento das actuacións necesarias para a restitución da legalidade. A falla de resposta do reitor á súa solicitude, leva ao interesado a remitirle un novo escrito de queixa o 16/12/2014, con copia ao valedor universitario, e a solicitar deste o seu posicionamento ao respecto.

O 23/12/2014 remito un oficio ao reitor mediante o que lle solicito información sobre os pasos dados ou que teña previsto dar a UDC para comprobar se os devanditos cambios poderían estar a afectar ou non ao convenio suscrito entre a FICG e a UDC e, de ser o caso, sobre as medidas correctoras que se teñan previsto adoptar.

O 4 de febreiro de 2015 recibo un informe do secretario xeral no que comeza por sinalar que o escrito do 9 de xullo non é máis que unha manifestación do dereito de petición dun membro da comunidade universitaria, mediante o que se solicita do reitor a emisión dun ditame xurídico sobre a legalidade de distintos actos ou procedementos adoptados por unha persoa xurídica distinta da UDC; que non procede aceptar o pedimento de ditame xurídico por parte de membros da comunidade universitaria dado que o asesoramento xurídico que presta a Asesoría Xurídica está destinado aos órganos directivos da Universidade; e que non procede someter a informe xurídico a actuación dunha persoa xurídica independente da Universidade, como é a FICG.

O informe do secretario xeral continúa sinalando que no convenio coa FICG, aprobado en tempo e forma polo Consello de Goberno régulase a xestión delegada dos contratos e na súa cláusula terceira recóllese como obriga da FICG a de "realizar a facturación das cantidades recollidas no contrato nos termos previstos por este, de conformidade coas ordes que reciba do investigador principal"; que, segundo consta nas actas dos acordos adoptados polos órganos reitores da Fundación, a carta enviada en maio aos profesores investigadores principais (IP) da UDC ten a súa orixe nos quebrantos económicos sufridos pola Fundación como consecuencia da insolvencia sobrevida dos terceiros aos que esta factura os servizos por conta da UDC; e que a Fundación propuxo un procedemento que non busca menoscabar ou alterar o estipulado no convenio, senón

desenvolvelo para a correcta xestión dos contratos nun contexto económico de risco, desenvolvendo a cláusula terceira con máis pormenor para evitar situacións indesexadas para todas as partes.

Conclúe o informe do secretario xeral sinalando que, non obstante, se algún IP con contratos delegados na FICG entende que tal acordo vulnera o previsto no seu contrato ou no convenio de referencia, deberá solicitarlle á Comisión Mixta de Seguimento -regulada na cláusula sexta do convenio- que se pronuncie sobre a interpretación desta cuestión.

O 11/02/2015 envíolle o informe do secretario xeral ao interesado, ao tempo que lle comunico que non parece, en efecto, que o detalle das novas condicións impostas pola FICG para a sinatura de contratos contraveñan a xeneralidade recollida na cláusula terceira a respecto das obrigas da Fundación relativas á facturación. Todo parece indicar tamén que, sexa como for, as novas condicións afectarían a novos contratos ("la firma de un convenio llevará a la aceptación expresa del profesor de estas condiciones"); que toda vez que a persoa responsable da execución do contrato pode optar pola encomenda da xestión económica deste a medios propios e instrumentais da UDC ou a aquelas entidades sen ánimo de lucro con que mantiver un convenio específico de colaboración a UDC, entendo que as diferenzas que poidan darse na xestión por parte de distintas entidades non constitúen máis que una diversificación da oferta. Finalmente, comunícolle ao interesado que, en caso de que en calidade de investigador principal, entendera que puidera darse algunha outra interpretación sobre a incidencia do acordo adoptado pola FICG, e pensara que se puidera estar a vulnerar o previsto nalgún contrato en vigor ou no convenio de referencia, podería solicitar o pronunciamento da Comisión Mixta de Seguimento, estipulada na cláusula sexta do convenio para a resolución de conflitos.

CASO 583/360 Data 18/12/2014

Reclamante: 2 alumnos

Inicio: 18/12/2014

Remate: 30/12/2014

Motivo Alumnos dun programa de doutoramento que se consideran en situación de indefensión ante a actuación da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia a respecto da non valoración dos 60 créditos ECTS de nivel de máster no baremo para acceder ás bolsas predoutorais da Xunta de Galicia.

Actuacións Normativa.

Resolución Titulados en 2014 acceden ao programa de doutoramento mediante o recoñecemento de 60 ECTS de nivel de máster, ao amparo do acordo do Consello de Goberno sobre o recoñecemento da equivalencia das titulacións anteriores ao Real decreto 1393/2007 para os efectos do acceso aos estudos oficiais de doutoramento da Universidade da Coruña, do 27 de febreiro de 2014. A Vicerreitoría reitéralles que o recoñecemento de 60 ECTS como de nivel de máster no caso das titulacións anteriores ao RD 1393/2007 é so para efectos de acceso aos programas de doutoramento, pero que estes créditos non poden considerarse como estudos de mestrado para os efectos da valoración de méritos á que fai referencia o artigo 7.1 d da Orde do 28 de novembro de 2014 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2014, e se procede á súa convocatoria, que recolle:

"A puntuación final de cada persoa candidata obterase segundo a seguinte fórmula: Nota media ponderada da titulación x 5 + Nota media do máster, de ser o caso, (ou dun mínimo de 60 créditos de máster) + puntuación obtida pola adecuación ás liñas estratéxicas definidas no anexo II".

Como corresponde á universidade expedir as correspondentes certificacións e os alumnos seguen a considerar que teñen dereito a que se lles certifique por parte desta a nota media obtida nos 60 ECTS de nivel de máster, manifestan sentirse indefensos pois estiman que, de presentaren, alegacións ante a Secretaría Xeral de Universidades, a súa solicitude podería ser desestimada ao non formar parte da súa actuación a certificación dos méritos.

Tras analizar a diferente normativa que sería de aplicación á situación que lles afecta, o 30/12/2014 comunico aos interesados as seguintes consideracións:

Parece lóxico que unha convocatoria pública á que se acode en réxime de concorrencia competitiva –como sería o caso da convocatoria de axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (plan I2C) para o ano 2014, segundo a Orde do 28 de novembro de 2014 (DOG do 10 de decembro de 2014)-, aplique un baremo que permita valorar os méritos de cada solicitante do xeito máis equilibrado posible, independentemente de cal sexa a condición pola que se cumpren os requisitos para poder optar a ser beneficiario. Porén, ademais dos méritos requiridos para poder concursar, poden tamén valorarse outros méritos que o convocante estime oportuno, sempre que se trate de méritos que garden relación co obxecto da convocatoria e que calquera concursante estea en condición de acadar.

Polo que se pode apreciar na convocatoria, existe unha intención clara de primar cunha puntuación adicional a quen acceda cun título de mestrado ou tras ter cursados, cando menos, 60 créditos de mestrado. Así, no artigo 7 d) da convocatoria, a “nota medida do máster, de ser o caso, (ou dun mínimo de 60 créditos de máster)” contéplase como un sumatorio e non como unha nota que fai media coa nota da titulación de procedencia.

*Ademais de non facer referencia no precitado artigo a que podería tratarse tamén de créditos recoñecidos como equivalentes á formación de mestrado (ou créditos de nivel de mestrado), e si referirse a estes últimos como créditos equivalentes para os efectos do acceso aos estudos oficiais de doutoramento no artigo 2.2 da convocatoria, no artigo 4.4 e) recóllese que a certificación que debe ser asinada polo titular da vicerreitoría competente en materia de investigación, ou persoa en quen delegue, deberá ser conforme o modelo normalizado do anexo V, en que se faga constar, entre outros extremos, a “Nota media dos créditos superados no máster universitario cos que se concorre á presente convocatoria (de ser o caso)”, e no propio anexo V pídese explicitamente a denominación do master: “3. Superou un total de **créditos do máster universitario ***.”*

Cando existen dúbidas sobre a interpretación dunha norma, prima a intencionalidade de quen a ditou, e no caso de pensar aínda que a intencionalidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria puido ser a de ter en conta os créditos considerados como equivalentes a nivel de máster á hora de aplicar o baremo a quen accede cun título de licenciado de 5 anos (equivalente a 300 ECTS), como explicar entón que quedaran excluídos de nota adicional algunha os titulados (licenciados, graduados) que acceden cun título ou un certificado de especialista tras gañar unha praza como MIR, FIR, BIR, QIR, ou PIR e pasar varios anos de formación (xeralmente 4) cunha dedicación a tempo completo no ámbito hospitalario.

O artigo 6 da convocatoria recolle que “Non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de desestimación da solicitude presentada, con independencia de que poidan acordarse outro tipo de actuacións”. Non parece, pois, procedente que desde a Vicerreitoría de Investigación se emita un informe cubrindo o punto 3 do anexo V para os casos de acceso pola vía de licenciaturas con equivalencia de 300 ETCS.

En calquera caso, se lles queda algunha dúbida poden vostedes consultar directamente coa Consellería antes de formalizar a súa solicitude, ou ben acompañar a súa solicitude dun escrito, alegando as razóns polas que vostedes consideran que teñen dereito a esa puntuación adicional, comunicándolles que a pesar de que xa lle foran expostas á Vicerreitoría de Investigación da UDC, ao seu xuízo, non cubriron axeitadamente o anexo V, e solicitándolles que lle requiran á universidade que consignen a nota prevista no punto 3 do anexo V. O artigo 6 da convocatoria establece que “Sen prexuízo do disposto no punto anterior poderá requirirse a universidade solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución dos procedementos”

Por último, de consideraren vostedes que a Orde do 28 de novembro de 2014 non se axusta a dereito, poden presentar unha impugnación mediante recurso potestativo de reposición ou directamente mediante un recurso contencioso-administrativo, tal e como se recolle na disposición derradeira segunda da propia orde.

CASO 584/361 Data 13/01/2015

Reclamante: PDI
(Director de departamento)

Inicio: 20/01/2015

Remate: 28/01/2015

Motivo A comisión docente do seu centro, con total ausencia de motivación, adoptou o acordo de modificar, de suspenso a aprobado, tres das cualificacións que constan na acta da convocatoria dunha materia, atendendo ás reclamacións dos alumnos en contra dos informes emitidos pola comisión designada polo seu departamento.

O acordo de denunciar o asunto ante o valedor universitario e solicitar a súa intervención é remitido polo director do departamento en nome da súa comisión permanente.

Actuacións Dirección do centro.

Resolución Solicítaselle ao director do centro un detallado informe sobre as motivacións que levaron á comisión docente a modificar as cualificacións dos alumnos a pesar de que o informe da comisión do departamento remataba coa seguinte conclusión final: desestimar as alegacións de todos os alumnos ao considerar que as cualificacións obtidas son acordes coa realización dos exames realizados por cada un deles.

O 27/01/2015 o director do centro informa de que se trata dun procedemento administrativo que está pendente de resolución e que foi remitido pola dirección do centro á Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para a súa valoración.

Comunícaselle ao reclamante que, segundo recolle o artigo 16 do Regulamento do valedor universitario, este non entrará no exame daquelas reclamacións que estiveren pendentes de resolución nun procedemento xudicial ou nun expediente administrativo, polo que non procede nese momento a miña intervención no caso.

CASO 585/362 Data 15/01/2015

Reclamante: Alumno

Inicio: 16/01/2015

Remate: 04/02/2015

Motivo No pasado curso académico cursou estudos como alumno Erasmus e no seu centro non lle recoñecen a cualificación dunha das materias que aprobou na universidade de destino, debido a que a suspendera con anterioridade na UDC.

Actuacións ORI e dirección do centro.

Resolución Solicítase información á ORI e á vicedecana de Estudantes e Internacionalización do centro.

No detallado informe que nos remite a vicedecana o 26/01/2015 apréciase que no primeiro contrato de estudos (14/05/2013) e na súa 1.ª modificación (28/10/2013) non se incluían materias suspensas. Con posterioridade o alumno preséntase na UDC ao exame da materia obxecto da reclamación, no cal acadou unha cualificación de suspenso. Nunha 2.ª modificación para o segundo semestre, o alumno inclúe esa materia suspensa, e a vicedecana asina o contrato sen detectar o erro (12/02/2014). Ao cabo dunha semana, o alumno pide unha nova modificación do contrato de estudos para substituír a materia en cuestión por outra que tampouco cumpría coas normas establecidas. A vicedecana detecta o erro e envíalle un correo para lle comunicar que "as materias suspensas non se

poden incluír nos contratos de estudos” (25/02/2014). O alumno responde aos poucos minutos e recoñécelle á vicedecana que descoñecía esa cláusula e que, polo tanto, ao non poder realizar esa modificación, entendía que se quedaría co antigo contrato. A vicedecana comenta no seu informe que esa norma estaba publicada na páxina web do centro e que o alumno xa fora advertido cando se elaborou o primeiro contrato de estudos.

O 27/01/2015 informamos o alumno de que o erro cometido na 2.ª modificación do contrato de estudos resultaría de moi difícil rectificación, pois implicaría a conculcación dunha norma académica básica, ao aceptar que un estudante da UDC gozou de dúas convocatorias nun mesmo curso académico (unha na Universidade de orixe e outra na de destino) para superar unha mesma materia, que lle asistiría o dereito a reclamar (tendo en conta os prexuízos que o erro plasmado no contrato lle puidesen ter ocasionado), mais que dos feitos narrados, cabía deducir que era coñecedor da irregularidade producida na 2.ª modificación do seu contrato de estudos (ademais de dispoñer doutras fontes de información, tras formular unha 3.ª modificación para cambiar unha materia suspensa por outra, a vicedecana viña de notificarlle que “as materias suspensas non se podían incluír nos contratos de estudos”) e, con todo, non advertiu explicitamente diso á vicedecana. De terlle advertido do erro, todo parecía indicar que o asunto se tería arranxado en tempo e forma. O informe conclúe comunicándolle: “Ante un pronunciamento do centro contrario aos seus intereses, quedaríalle a vostede a posibilidade dun recurso de alzada ante o reitor, pero tendo en conta todo o antedito, e dado o tempo transcorrido dende que sucederon os feitos, o asunto non parece ter xa unha solución axeitada”

O propio día 27 de xaneiro, aos poucos minutos de remitirle o informe, e o 3 de febreiro, o alumno remíteme dous breves correos en que cuestiona a actuación da Oficina do Valedor Universitario por non axudar en nada ao estudante, por responder aos correos e ao teléfono cando nos dá a gana nun tema que necesita resolver con urxencia..., e pregunta se se lle vai contestar ou proporcionar algún modelo de recurso de alzada que poida presentar para resolver o seu caso.

O 04/02/2015 remíttolle un último correo ao alumno en que lle fago ver, de novo de modo claro e amplamente motivado, o errado do seu criterio e infórmoo dos aspectos legais que debe considerar para a formulación dun recurso de alzada, detallándolle o contido dos artigos 110 e 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CASO 586/363 Data 27/01/2015

Reclamante: Alumno

Inicio: 04/02/2015

Remate: 04/02/2015

Motivo Queixase da impartición, a actitude e os criterios de avaliación aplicados por un profesor nunha materia do 4.º curso do grao, e vincula todo iso cos resultados moi baixos acadados polo alumnado. Solicita ao valedor universitario que estude e tramite a reclamación, e que abra unha investigación ao respecto para comparar os malos resultados académicos acadados na materia sempre que foi impartida por ese profesor.

Actuacións Normativa.

Resolución Comunícaselle que a intervención directa do valedor universitario no caso non procede pois non se están a cuestionar actuacións de órganos de goberno ou servizos da UDC con competencias nas diferentes cuestións que formula no seu escrito.

Ao apreciar que, a priori, os resultados publicados parecen alarmantemente baixos, informáselle detalladamente das diversas vías recollidas na Normativa académica de cara á posible formulación de reclamacións sobre os diferentes aspectos denunciados no seu escrito ante os órganos pertinentes.

CASO 587/364 Data 06/02/2015

Reclamante: Alumna	Motivo	Non pode asistir ás clases dunha materia por motivos laborais e considera discriminatorio que ao só poder asistir ao exame sexa cualificado sobre 6 puntos e non sobre 10.
Inicio: 11/02/2015		
Remate: 11/02/2015		Xunto co escrito de reclamación, a alumna achega copia dunha reclamación que viña de presentar ao respecto ante o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
	Actuacións	Normativa.
	Resolución	Informáselle á reclamante de que a súa queixa non pode ser admitida a trámite, tendo en conta que o artigo 16.3 do Regulamento do valedor universitario da UDC recolle que este non entrará no exame daquelas reclamacións que estiveren pendentes de resolución nun procedemento xudicial ou nun expediente administrativo.

CASO 588/365 Data 07/02/2015

Reclamante: Alumna	Motivo	Tras denegárselle a súa solicitude ao reitor de que o proxecto de fin de carreira do seu plan de estudos en extinción fose considerado como unha materia sen docencia e se lle aplicase o correspondente prezo da matrícula, solicita ao valedor universitario que se revise o status desa materia para equiparala ao resto das materias da titulación polas que se aboa un fixo de 20 euros en aplicación do Decreto 77/2014, do 20 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial na Comunidade autónoma de Galicia.
Inicio: 24/02/2015		
Remate: 07/05/2015		
	Actuacións	Normativa.
	Resolución	<p>O 24/02/2015 remíteselle á interesada un escrito en que se lle informa da importancia de clarificar en primeiro lugar a cuestión nuclear de se o alumnado seguía a realizar ou non o seu PFC en condicións (tutorización, seguimento...) similares ou equivalentes ás que se estaban a dar con anterioridade, tanto en primeira como en posteriores matrículas, e convídase a que de non ser así mo comuniquen para eu proceder entón a solicitar información detallada á dirección do centro e á Vicerreitoría de Profesorado. No Plan de organización docente apreciábase que moitos profesores do centro tiñan asignado un elevado número de horas de docencia no PFC, e de revisarse o status do PFC como materia sen docencia poderían derivarse importantes consecuencias tanto para o profesorado como para o alumnado.</p> <p>O 20/04/2015, a interesada remite un novo escrito en que sinala que aínda recoñecendo que un PFC require dun importante labor do profesorado, tamén o esixe para o alumnado en canto a horas de traballo e investigación a pesar de ser unha materia de só 3 créditos. Tras argumentar que o PFC é unha materia máis á hora de solicitar unha bolsa de estudos e indicar que non hai horarios fixados para atención ao alumnado desa materia e que é o alumno o que debe chegar a un acordo co titor, pregunta cales serían as consecuencias para o profesorado e para o alumnado, e solicita que considere se é xusto a petición de revisar as condicións do PFC.</p> <p>O 07/05/2015 dou resposta á alumna coa remisión dun escrito no que se detalla, en primeiro lugar, como mudou o concepto de crédito, facendo referencia á Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, e ao Real decreto 778/1998, do 30 de abril, que modifica parcialmente os RD 1267/1994, do 10 de xuño; 2347/1996, do 8 de novembro; e 614/1997, do 25 de abril. Comunícolle tamén como cun mesmo número de créditos o tempo de dedicación ao PFC e similar noutras universidades. Finalmente, aclárolle a miña alusión no primeiro escrito ás consecuencias para o profesorado e o alumnado, indicándolle que a revisión do status do PFC como materia sen docencia levaría a deixar de computarlle ao profesorado as horas de dedicación que lle figuran no Plan de organización docente por ese concepto e que, nesas circunstancias, o alumnado atoparíase con serias dificultades para realizar o seu PFC.</p>

CASO 589/366 Data 09/02/2015

Reclamante: Alumna

Inicio: 09/02/2015

Remate: 12/03/2015

Motivo

Tras un cambio de materias na súa matrícula alleo á súa vontade, como consecuencia dunha modificación no plan de estudos, solicitou cambio de grupo en dúas materias para evitar coincidencias horarias. O atraso na concesión do cambio de grupo nunha destas materias e a negativa da profesora á recuperación das probas de avaliación continua, levouna a solicitar ao decano que o exame final se lle avaliase polo 100% da cualificación. A Comisión Académico-docente desestimou a súa solicitude por non axustarse aos criterios fixados na guía docente.

Actuacións

Dirección do centro e profesorado encargado da materia.

Resolución

Tras varias xestións levadas a cabo coa intermediación do decano na busca dunha solución, o profesorado da materia remite un detallado informe en que conclúe que, a pesar dos problemas administrativos que tivo a alumna, puido tanto asistir a clases como realizar todas as probas e mesmo puido realizar tres das catro probas no seu propio grupo unha vez aceptado o cambio (2,5 puntos sobre 3), polo que consideran que a súa solicitude non pode ser atendida.

Remíteselle o informe á interesada ao tempo que se lle comunica a posibilidade de presentar unha reclamación ante o reitor, pero que, salvo que poida probar que non se lle facilitou o seguimento da materia para paliar os problemas coa matrícula, sería difícil que esta puidese prosperar.

CASO 590/367 Data 23/02/2015

Reclamante: PAS

Inicio: 04/03/2015

Remate: 14/08/2015

Motivo

Tres membros do PAS quéixanse de irregularidades na xestión das listaxes de espera para a cobertura temporal de postos de traballo de auxiliares administrativos, regulada pola Resolución reitoral do 15 de xullo de 2011.

Actuacións

Xerencia, Servizo de PAS e Asesoría Xurídica.

Resolución

Dúas das reclamantes achegan copia da reclamación que viñan de presentar ante a Xerencia e a outra remite queixa directamente ao valedor universitario.

As reclamantes interpretan que non se está a aplicar correctamente o artigo 4 da Resolución do 15 de xullo de 2011 pola que se constitúen as listaxes de espera e se regula o procedemento para a cobertura temporal de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos da Universidade da Coruña.

O 4 de marzo do 2015 dirixo un oficio ao xerente en que lle solicito a súa intervención para que se produza un pronunciamento por parte da Comisión de Listaxes de Espera, previsto no artigo 6 da Resolución do 15 de xullo, co fin de que se clarifiquen canto antes as dúbidas e, de ser o caso, se adopten as medidas oportunas para unha correcta aplicación da norma, tendo en conta que as reclamacións están amplamente motivadas e que as reclamantes consideran a súa interpretación a máis acaída e axustada a dereito.

O 18 de marzo de 2015 recibo un escrito do xerente en que me notifica a desestimación das solicitudes das interesadas ao dar a Comisión de Listaxes de Agarda a conformidade ao procedemento con que se están a tramitar os chamamentos, vistos o informe emitido polo Servizo de PAS e o contido das reclamacións.

Sobre o punto chave da cuestión, a interpretación que se está a dar ao artigo 4 parágrafo segundo da Resolución do 15 de xullo de 2011 (*"No caso de ser necesaria a cobertura de prazas vacantes ofertaráselle á persoa que acredite maior puntuación na listaxe, sempre que non estea ocupando unha praza que teña a condición de vacante, aínda que nese momento xa se atope vinculada por un nomeamento en praza non vacante"*), o informe recolle que "O feito de que se converta con posterioridade unha praza en vacante, non se considera pola Xerencia motivo para volver facer un novo chamamento, se esta está

ocupada por persoal interino, motivado polo establecido no artigo 8 punto 3 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia". Ao considerar que persistían dúbidas sobre a interpretación do fondo e do espírito deste artigo, con base na lexislación vixente, e á vista do que figura en contratos asinados con posterioridade á Resolución reitoral do 15 de xullo de 2011 ("O/A interesado/a cesará no seu posto... ao variar a situación da praza..."), o 9 de abril de 2015 remito un novo escrito ao xerente facendo referencia expresa á Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público (art. 10) e ao Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei da función pública de Galicia (arts. 6 e 8), e solicitando as oportunas aclaracións tras emitir, de xulgarse preciso, informe da Asesoría xurídica.

O informe da letrada asesora, do 5 de agosto de 2015, sinala que o 24 de maio de 2015 entrou en vigor a Lei de emprego público de Galicia (Lei 2/2015, do 29 de abril) e que a dita lei é de aplicación directa ao PAS das universidades integrantes do Sistema Universitario Galego segundo expresamente dispón o seu artigo 4.1.e) polo que xa non se pode falar de aplicación supletoria. Comenta que "O artigo 4 da normativa da UDC semella atoparse pensado para regular o chamamento de vacantes puras, porén iso non significa que tal réxime poida aplicarse de xeito illado ou desconexo do réxime legalmente configurado da interinidade". Concreta que "Polo tanto, non se trata de dar unha interpretación laxa ao devandito precepto, senón que, necesariamente o réxime de chamamentos regulado pola UDC ten que se axustar á regulación legal da figura. A transformación por causas sobrevidas dunha vacante non pura en vacante pura non permite o cesamento da persoa que a viña desempeñando interinamente polo que non pode falarse doutra persoa con "mellor dereito" por se atopar nunha listaxe con mellor puntuación, porque o único que pode motivar o cesamento do interino é a concorrencia das causas legalmente previstas". O informe da letrada asesora remata sinalando que "Cómpre, así mesmo, subliñar que se detectou un erro nalgúns dos modelos de contrato de interinidade empregados polo Servizo de PAS desta universidade que contemplaba como causa de cesamento a "variación da praza", causa que resulta nula ao non ter acollida en ningún dos supostos previstos pola normativa. O dito erro unha vez detectado foi emendado."

CASO 591/368 Data 04/03/2015

Reclamante: Alumno

Inicio: 10/03/2015

Remate: 22/12/2015

Motivo

Manifesta preocupación polo caos circulatorio que hai no campus da Zapateira, fronte á Facultade de Ciencias, por mor dos coches estacionados nas paradas do autobús. Os autobuses teñen que parar na calzada, provocando atascos que poden durar varios minutos e xerando situacións de perigo ao seren adiantados con escasa visibilidade polos vehículos que transitan por esta. Os condutores dos autobuses mesmo xa se acostumaron a parar na calzada cando non hai coches aparcados nas paradas.

A pesar de contactar por dúas veces coa Compañía de Tranvías da Coruña e de ter posto dúas suxestións ao respecto na páxina web da UDC no último ano, non parece térselle prestado moita atención, pois o problema persiste.

Con posterioridade (26/03/2015), o alumno remite un segundo correo en que denuncia problemas similares co autobús diante da Facultade de Filoloxía, e co estacionamento do autobús de doadores de sangue, propoñendo el mesmo posibles solucións.

O 22/10/2015 o alumno quéixase de que os autobuses baixan a bastante máis velocidade da permitida entre A Zapatería e Elviña, o cal pode provocar atropelos.

Actuacións Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas.

Resolución O 10/03/2015, tras comprobar que os espazos destinados ás paradas de autobús que se atopan a ambos os lados da calzada fronte á Facultade de Ciencias non teñen ningún tipo de sinalización visible que disuada de aparcar nelas e que posibilite, en caso necesario, sancionar a quen incivicamente pon en risco

a seguridade dos demais, e tendo en conta que mesmo poden chegar a darse situacións de grave risco para as persoas (estudantes que nada máis baixar do autobús atravesan precipitadamente a calzada para acudir ás aulas), poño o asunto en coñecemento da vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas na procura dunha solución coa maior brevidade posible.

Ao recibir o segundo correo do alumno coas novas queixas, o 27/04/2015 remítollo á adxunta para Infraestruturas da Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas xunto cunha copia do correo remitido á vicerreitora o 10 de marzo, ao tempo que lle comento que, dado que se trata de problemas que nalgún momento poderían traer consecuencias graves para algunha persoa, parece conveniente analízalos e adoptar canto antes as medidas que se estimaren oportuno. Solicítolle un informe dos pasos que se dean e das decisións que se adopten ao respecto.

Ao día seguinte, a adxunta para Infraestruturas respóndeme que analizarán o tema no Servizo de Arquitectura e que me irá informando das accións emprendidas.

O 08/05/2015, a adxunta de Infraestruturas infórmame de que o asunto da parada do autobús de Filoloxía é competencia da Compañía de Tranvías, que xa foi informada da queixa; que se vai dispoñer dunha sinalización horizontal nas paradas de autobús situadas diante da Facultade de Ciencias, de cuxa execución final se me informará; e que tentarán darlle unha solución ao asunto do autobús para a doazón de sangue, dentro das súas posibilidades.

O 22/10/2015, ante a falla de noticias por parte da vicerreitoría desde o 08/05/2015, e tras recibir o correo do alumno do queixándose do exceso de velocidade con que circulan os autobuses, remito un oficio á adxunta de Infraestruturas no que, ademais de informala da nova queixa, maniféstolle que resulta desacougante ver como, polos motivos que sexa, na Universidade non somos quen de dar unha resposta máis áxil a situacións sobradamente coñecidas e cuxa persistencia no tempo pode ser causa de danos irreparables de extraordinaria gravidade para as persoas. Indico tamén no escrito que, dada a gravidade da situación, agradeceríalle que puxese o máximo empeño en que todo o que sobre este asunto sexa competencia da Vicerreitoría se resolva sen máis dilación, e en que todo o que sexa competencia da Compañía de Tranvías ou de calquera outra instancia sexa obxecto dunha comunicación formal que trasladase claramente a responsabilidade a quen puidese tela en caso de accidente.

O 22/12/2015 recibo resposta da adxunta de Infraestruturas en que me notifica que tras falar cos servizos municipais encargados da sinalización viaria, estes prestaron a súa colaboración e puido acometerse a sinalización horizontal nas paradas dos autobuses fronte á Facultade de Ciencias. Comenta, tamén, que ese asunto se demorara máis do previsto, pois estaba recollido nunha intervención de maior alcance que por circunstancias diversas non se puido levar a cabo, mais si se acometeran outras actuacións (remodelación da disposición do mobiliario urbano e incorporación de bancos e xardineiras) no ámbito das facultades de Ciencias, Escola Universitaria de Arquitectura Técnica e Escola Técnica Superior de Arquitectura, co fin de controlar e impedir a presenza de automóbiles no espazo libre e peonil. A respecto da excesiva velocidade con que circulan os autobuses urbanos no campus, a adxunta de Infraestruturas comenta que se trata dunha queixa común entre os usuarios, que xa se lle ten transmitido tanto ao Concello como aos responsables da empresa, pero que a resposta que reciben é que non valen as queixas en xeral, senón que se debe identificar o autobús e a hora en que se detecta a incidencia para que os responsables poidan adoptar as medidas oportunas.

Reclamante: Alumno

Inicio: 18/03/2015

Remate: 21/04/2015

Motivo Solicita a devolución do importe da matrícula nun programa de doutoramento, e que se investigue todo o expediente ao non serlle asignada como directora de tese a persoa que el puxera como requisito previo para a súa realización.

Actuacións Dirección da Escola Internacional de Doutoramento (EIDUDC) e Sección de Estudos de Doutoramento.

Resolución Ao contactar coa Administración e coa dirección da EIDUDC, comunícaselle ao interesado que o acordo de desestimar a súa solicitude de devolución do importe da matrícula xa fora tomado polo órgano competente e que só estaban pendentes de notificarlo.

Logo de recibir a copia do escrito do 14 de abril de 2015, de desestimación da súa solicitude, o interesado pregunta como proceder e se ten que presentar el o recurso de alzada.

Unha vez analizada a documentación e a normativa de aplicación, e antes de rematar o prazo para unha eventual presentación dun recurso de alzada, o 21 de abril de 2015 remíttolle un informe ao interesado en que lle comento algúns aspectos que considero relevantes e que, segundo lle notifico, resultan en boa medida coincidentes co acordo adoptado pola Comisión Permanente da EIDUDC.

No informe destácase como o 16/10/2014 o secretario da Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) lle notificara ao interesado que estaba a confundir titor con director de tese, que debería falar co titor que lle fora asignado para propoñer director de tese, e como o propio secretario lle advertira con claridade (mesmo incluíndo unha ligazón á normativa) que para que un doutor poida ser nomeado como director dunha tese de doutoramento debe cumprir con determinados requisitos formais. Indícolle, tamén, no informe que unha vez advertido da normativa de aplicación, cómpre esperar a que sexa o propio interesado quen se poña en contacto co seu titor e coa persoa que desexa que lle dirixa a tese, e que sexa esta última quen lle comunique se pode ou non contar con ela para dirixirla.

Comunícolle, tamén, que debe ter presente que formalizou a súa matrícula o 28/10/2014, con posterioridade á advertencia do secretario da CAPD, que o prazo para a desistencia total de matrícula, con dereito a devolución de prezos públicos, permaneceu aberto até o 03/12/2014, mais non presentou a súa solicitude de devolución até o 19/02/2015, e que o propio secretario da CAPD tamén lle notificara que a persoa proposta por el podía ser nomeada como codirectora da tese.

O meu informe remata coa indicación ao interesado da posibilidade de recorrer en alzada, pero trasladándolle as seguintes consideracións finais: "Tendo vostede presentada formalmente unha solicitude de devolución do importe da matrícula polo conduto regulamentario fóra de prazo (o 19/02/2015), ao ser a fórmula da codirección unha opción viable, e non apreciándose ningún erro no cumprimento da normativa da UDC nin do Real decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento que puidese ser imputable á CAPD nin á EIDUDC, parece difícil que o condicionamento para a realización da tese que vostede manifestara con anterioridade á advertencia do secretario desa CAPD poida ser estimado como razón suficiente para revogar, fóra de prazo, un acto administrativo firme e proceder á devolución do importe da matrícula."

Reclamante: Alumno

Inicio: 14/03/2015

Remate: 30/05/2015

Motivo

Cuestiona o modo en que se xestionou unha reclamación súa no centro, cuxa resolución desestimatoria lle foi comunicada o 02/03/2015, e considera que se produciron diversas irregularidades na aplicación das Normas de avaliación, revisión e reclamación dos estudos de grao e mestrado universitario, tanto en cuestións de fondo como de procedemento. A cuestión suscitase en dúas fases: solicitude de informe ao valedor universitario sobre o fondo da cuestión (escrito recibido o 14/03/2015) e presentación de queixa polo modo en que se xestionou a súa reclamación no centro (escrito recibido o 18/03/2015).

O asunto garda relación coas condicións esixidas para poder ser avaliado en tres materias asociadas a un mesmo taller.

Actuacións

Dirección do centro, dirección dos departamentos e profesores responsables das materias.

Resolución

O 25/03/2015 remítese un informe ao interesado en relación coa súa consulta do 14/03/2015. O informe céntrase nunha análise crítica sobre as tres cuestións destacadas polo alumno: I. Sobre a validez das guías docentes das tres materias, en canto ao condicionamento da cualificación de cada unha delas á achega de todos os traballos e á realización de todos os exames correspondentes a todas elas; II. Sobre o feito de que a guía docente dunha materia non recolla un mecanismo que permita aos alumnos superala na segunda oportunidade se non realizou algunha das achegas ao longo do curso, arrastrando así o "Non presentado" nas dúas oportunidades, tamén nas outras dúas materias asociadas ao Taller; e III. Sobre o feito de que se inclúa tamén nesa mesma materia a cualificación do estudo de casos na nota do taller, cando non é unha actividade do taller e a participación que se lle dá na cualificación na guía docente é do 0%.

No informe inclúense as seguintes consideracións en relación con cada punto tratado:

Punto I

Recoñécese pois a importancia dos profesores das distintas materias asociadas ao taller para proceder á súa cualificación. A Xunta de Avaliación do Taller non está prevista para outorgar unha cualificación concreta ao Taller, máis para analizar os resultados globais e, en todo caso, dirimir sobre cuestións puntuais de avaliación que, a meu entender, so poderían afectar á avaliación dunha determinada materia na medida en que, independentemente da calidade intrínseca dos traballos realizados nela, estes puideran encaixar axeitadamente ou non no contexto concreto do taller para o que estaban previstos.

*A meu entender, a necesidade da achega de toda a documentación de todas as materias que se asocian no taller para poder ser avaliado en cada unha delas só estaría xustificada na medida en que fose imprescindible para poder avaliar axeitadamente os coñecementos propios de cada materia. Porén, se un alumno, tras cumprir coa asistencia requirida, é quen de entregar a documentación completa dunha materia de xeito que se lle poidan avaliar os coñecementos e as competencias adquiridas nela de acordo coas pautas marcadas no taller, non debería esixírselle nada máis, pois debe terse en conta que a avaliación de cada materia ten que centrarse no traballo realizado para cursar os créditos que lle son propios (150 horas de dedicación previstas para un alumno medio no propio cadro da planificación que figura na guía docente para as materias de 6 créditos). Segundo a Memoria do Título, no Taller conflúen un total de 12 créditos, dos que 6 pertencen a***, 3 a ***, e 3 a ***. Estes, e non outros, deben ser os créditos do taller que computen na avaliación de cada unha destas materias. Como cabía esperar, a esixencia da realización de todos os exames correspondentes a unha determinada materia do Taller non figura na memoria do título nin nas guías docentes como un requisito necesario para poder ser avaliado nas demais materias asociadas a el, polo que en modo ningún pode ser requirida.*

Punto II

Tanto a literalidade como o espírito da norma deixan, pois, claro que, sempre que sexa posible, se deben recoller nas guías docentes das materias os

mecanismos necesarios para poder superar estas na segunda oportunidade. Así, se o que queda por presentar ou completar son traballos que o alumno pode realizar de maneira autónoma, non habería ningunha razón para impedirlle facer uso da segunda oportunidade, á que lle dá dereito a súa matrícula, e para o que o ampara a normativa vixente.

*Ademais do aquí sinalado, cómpre considerar tamén que na ficha da materia *** que figura na memoria do título recóllese: "A avaliación do estudante nas convocatorias extraordinarias levarase a cabo mediante a realización dun único exame, no que se valorarán os coñecementos teóricos e prácticos". O termo "convocatoria extraordinaria" podería levar a confusión, pero todo parece indicar que debería asimilarse a "2.ª oportunidade", seguindo a interpretación que se desprende claramente do enunciado no apartado 5.1.2 da memoria relativo ao taller: "Os alumnos que non superen na convocatoria ordinaria nin na extraordinaria a materia de Proxectos deberán asistir ao taller do ano seguinte..."*

Punto III

A avaliación dentro do Taller de actividades que se realizan fóra del non debería impedir que quen participou e fixo todas as achegas propias do espazo Taller sexa avaliado nas outras materias asociadas por non ter participado ou non ter completado esas actividades.

Unha vez máis, entendo que o único que se pode esixir para avaliar calquera materia asociada ao taller é o feito de que poidan ser avaliados todos os coñecementos e competencias que lle son propias e que o traballo realizado encaixe axeitadamente no contexto do Taller.

Ao entender que determinados aspectos normativos relevantes parecen dar a razón ao interesado e que se trata dun asunto cunha importante compoñente técnica sobre o que a Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías debería pronunciarse, concluímos o informe recomendándolle a presentación dun recurso de alzada.

Con data 27 de marzo de 2015, e para proceder a analizar como foi xestionada a reclamación polo centro, atendendo á queixa que formulou o interesado o 18/03/2015, remito un oficio ao director do centro en que solicito que me informe sobre o procedemento seguido, incluíndo as razóns polas que (segundo o interesado) se tería optado por considerar innecesarios os informes inicialmente solicitados aos departamentos e aos profesores; a documentación utilizada na análise e resolución da reclamación; e calquera outra información ou documentación que, ao seu xuízo, puidese resultar de interese para un total esclarecemento do caso.

O 14 de abril de 2015 o director do centro comunica que a petición inicial de informes aos departamentos e mais aos profesores concernidos foi anulada ao entenderse que "dado que o alumno manifesta no escrito da súa reclamación non terse presentado ao exame final nin entregado a práctica xeral da materia ***, non pode (tal e como se sinala no plan de estudos e mais nas GADUS) ser cualificado na totalidade do taller." As argumentacións dadas no informe recollen o xa explicitado no escrito de desestimación da reclamación do 02/03/2015. O informe do director acompáñase do expediente completo da reclamación, das guías GADU das tres materias e dunha copia do apartado 5.1.2 "Organización de las Enseñanzas" do plan de estudos, e conclúe: "Lamento que unha reclamación suficientemente contestada no centro chegue ao valedor e que vostede teña que solicitar nos información sobre o simple incumprimento das obrigas académicas do alumno reclamante."

O 23 de abril de 2015 remito escrito ao director do centro en que tras agradecerlle o seu informe e lamentar o tempo dedicado para dar resposta a unha reclamación que considera suficientemente contestada, coméntolle que:

Desde a óptica dun valedor universitario, resulta normal que un alumno se dirixa a el para clarificar dúbidas de carácter procedemental cando: a) recibe un "Non presentado" como cualificación nas tres materias vinculadas a un taller sen entender ben o porqué; b) non se lle reconece o dereito a superalas na segunda oportunidade en aplicación dunha guía docente que parece cuestionable neste

punto á luz do que se recolle no artigo 18.7 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario; c) observa como o procedemento inicialmente posto en marcha para dar resposta á súa reclamación é finalmente abortado; d) ten indicios de que a adopción dos acordos por parte da Comisión Docente podería estar viciada pola participación activa do profesor responsable dunha das materias; e e) recibe unha resposta que considera excesivamente xenérica e que non entra no fondo das cuestións concretas expostas detalladamente na súa reclamación.

O asunto resulta de suma importancia pois está en xogo unha correcta aplicación do estipulado na memoria do título verificado e das guías docentes das materias. Mesmo poderían estar en cuestión algún dos requisitos que se recollen nas guías docentes, que poderían estar a vincular indebidamente a avaliación das diferentes materias que participan no taller. [Detállanse, a continuación, os principais aspectos que foran obxecto de consideración no informe que eu mesmo lle remitira ao alumno con data 25/03/2015].

Realizadas esas consideracións, o escrito remitido ao director do centro conclúe sinalando que:

*Tendo en conta que a resolución da reclamación presentada polo alumno ante a dirección do centro con data 13 de febreiro de 2015 non resulta moi doada sen o concurso dos expertos (departamentos e profesores responsables das diferentes materias asociadas ao taller), e máis aínda no caso de ter participado nela o profesor responsable dunha das materias (***) e sen que, ao parecer, outros membros da comisión docente coñeceran de antemán o asunto para tratar, todo parece indicar que esta reclamación puido terse tratado con maiores garantías xurídicas para o interesado.*

Dado que a queixa que me presentou o alumno se refire ao procedemento utilizado na resolución da súa reclamación, e co fin de poder ofrecerlle unha resposta o máis completa posible, comunicolle que procederé a solicitar informes das actuacións levadas a cabo polos departamentos e os profesores responsables da impartición das materias vinculadas ao taller e, no seu caso, escritos xerados por eles de resultados da súa solicitude inicial de informes do 19/02/2015, cuxa anulación lles foi comunicada con data 02/03/2015.

O propio día 23 de abril remito os correspondentes oficios aos directores dos dous departamentos e aos profesores responsables das tres materias en cuestión.

Ao ser informado, por un dos destinatarios, de que o alumno presentara un recurso de alzada o 1 de abril de 2015 no que o asunto do procedemento aparecía como unha cuestión nuclear para a súa resolución, o 30 de abril de 2015 comunicolle a todas as partes que poño fin á miña intervención no caso en cumprimento do artigo 16.3 do Regulamento do valedor universitario.

O 24 de setembro de 2015 recibo un novo escrito do alumno, comentándome que o recurso de alzada fora resolto o 16 de xuño reconecendo as graves irregularidades observadas no proceso, declarando nula de pleno dereito a resolución que fora ditada polo director do centro, e ordenando a retroacción do procedemento á fase da instrución en que se produciu o vicio. Quéixase porque a pesar do tempo transcorrido o asunto segue sen resolverse, o que lle está a causar serios prexuízos morais e materiais, pois tivo que presentarse aos exames de xullo sen saber a que aterse e tendo que presentar unha segunda reclamación ás cualificacións desa oportunidade, e está a cursar estudos no estranxeiro como alumno de mobilidade sen saber se haberá materias que non se axustarían á matrícula final unha vez resolto o seu caso.

O 28/09/2015 remito un oficio ao director do centro en que lle solicito: a) Que, a ser posible, a comisión docente do centro adopte, sen máis demora, o acordo que considere máis axustado a dereito, e b) Que de demorarse máis aló dunha semana a decisión da comisión docente, me notifiquen todos os pasos dados polos diferentes axentes implicados na resolución do caso (órganos de goberno, comisións e profesores), con indicación das irregularidades nas que, no seu caso, puideran ter incorrido.

O 30/09/2015 recibo do director do centro un informe en que detalla o cronograma dos pasos dados, tanto na primeira como na segunda parte do expediente, e me notifica que o 29/09/2015 se reuniu a comisión docente do centro para resolver as reclamacións presentadas polo alumno e que as resolucións lle serán comunicadas coa maior brevidade posible.

Tras agradecer ao director do centro a dilixencia en dar cumprida e detallada resposta ao meu oficio de 28 de setembro, o 01/10/2015 envío o seu informe ao interesado, quen o 6 de outubro de 2015 me remite un último correo para comunicarme que aínda non recibira a resolución. Notifícolle ao alumno que, cumprindo co artigo 32 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario, o prazo máximo fixado para a notificación da resolución é de cinco días desde a data da súa aprobación, polo que o escrito debería chegarlle ao enderezo de notificación nesa semana.

CASO 594/371 Data 17/04/2015

Reclamante: Alumno

Inicio: 05/05/2015

Remate: 12/05/2015

Motivo Tras solicitar unha copia dun exame e verificar que a suma de puntuacións era errónea, reclama a corrección da cualificación por un feito claramente obxectivo. A pesar de que o profesor argumenta que foi un erro de anotación e non de avaliación, considera que non é tal e solicita "a intervención do valedor universitario, en función das competencias que ten atribuídas".

Actuacións Servizo de Organización Académica.

Resolución Á vista de que o interesado non estaba a cuestionar a actuación de ningún órgano de goberno ou servizo da universidade, de que non se concretaba o alcance da pretensión formulada e o pedimento dirixido ao valedor universitario, e tras comprobar que o interesado presentara un recurso de alzada sobre os mesmos feitos e coa mesma exposición de motivos, comunicaselle a non aceptación a trámite da reclamación de acordo cos artigos 1, 15.2 e 16.3 (sobre o que xa o informara noutras ocasións) do Regulamento do valedor universitario.

O 07/05/2015 recibo un novo escrito do alumno en que, tras manifestar as súas discrepancias coa inadmisión a trámite do seu caso, solicita "que se estude o caso de acordo coas funcións que ten atribuídas o valedor de facer valer os dereitos da comunidade universitaria".

O 12/05/2015 remito un novo escrito ao alumno para reiterarlle a súa inadmisión a trámite tras abundar na explicación dalgúns conceptos básicos que parecía descoñecer: concepto de órgano de goberno, significado de exposición de motivos idéntica (palabra por palabra), concepto de procedemento administrativo e aclaración de que solicitar "a intervención do valedor universitario, en función das competencias que ten atribuídas" non é concretar con suficiente clareza o alcance da pretensión formulada e o pedimento que se dirixe ao valedor universitario.

CASO 595/372 Data 30/04/2015

Reclamante: PDI
(Director de Dpto.)

Inicio: 06/05/2015

Remate: 30/07/2015

Motivo Pedimento de amparo ante o valedor universitario fronte ás actuacións do director do centro durante a última xunta de centro, en relación coa solicitude de revisión do plan de estudos do grao por parte do departamento que dirixe.

Achega un escrito asinado pola secretaria académica do departamento que acredita o acordo adoptado ao respecto polo Consello de Departamento o 28/04/2015. Denúnciase que non se está a tomar en consideración un outro acordo adoptado polo departamento o 09/07/2014, en que se solicita o inicio da modificación do plan de estudos da titulación de grao, con fundamento nos argumentos recollidos no informe redactado por unha comisión do departamento constituída para tal efecto. Tal acordo foille comunicado tanto ao director do centro como ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, sen recibir resposta ningunha por parte deles e sen que o asunto fose tratado en ningunha das sesións da xunta de centro realizadas con anterioridade ao 18/03/2015.

Na reunión da xunta de centro que tivo lugar o 18/03/2015 rexeitouse a toma en consideración do acordo de modificación proposto polo departamento, a pesar de que na orde do día da sesión se recollía explicitamente este punto ("Acordo, se proceder, sobre iniciación do procedemento de revisión do plan de estudos do grao***") tras a petición formal realizada o 02/03/2015 por 13 profesores membros da xunta de centro. Cuestiónase tamén que non se convocara unha reunión extraordinaria para o efecto e que mesmo no transcurso da reunión ordinaria non se permitise incluír unha modificación no punto da orde do día, reformulado como "Aprobar a iniciación do proceso de revisión do plan de estudos do grao en *** se iso fose legalmente posible"

Tras a presentación dos antecedentes de feito e de diversos fundamentos de dereito, solicítase ao valedor universitario: 1) Que declare que o director do centro actuou de forma ilegal e formule censura do seu comportamento; e 2) Que declare que debe convocarse unha xunta extraordinaria de centro en cuxa orde do día figure o punto solicitado o 02/03/2015 por 13 profesores do departamento ao abeiro do establecido no artigo 11.1 do regulamento do centro.

Actuacións Dirección do centro e normativa.

Resolución O 6/05/2015 solicito ao director do centro un informe detallado e toda a documentación relacionada co asunto.

No seu informe, do 09/06/2015, o director do centro abunda sobre o procedemento taxado que, segundo el, debe seguirse para a modificación dos plans de estudo, e que non concordaría co procedemento que pretende seguir o departamento sometendo directamente a súa proposta á xunta de centro. Argumenta tamén por que considerou oportuno incluír a petición formulada por 13 profesores membros da xunta de centro na orde do día dunha reunión ordinaria e non convocar unha reunión extraordinaria para tratar exclusivamente ese punto.

Ao analizar os escritos e a documentación complementaria que me foron remitidos polo director do departamento e polo director do centro, e ao ver a normativa que resulta de aplicación, o 31 de xullo de 2015 dirixi a ambas as partes un informe centrado nas dúas cuestións nucleares que requirían do meu pronunciamento: a) Sobre o procedemento que cómpre seguir na modificación dos plans de estudos, e b) Sobre a censura do comportamento do director do centro e a declaración de que debe convocarse unha xunta extraordinaria de Centro.

Sobre o primeiro punto, unha vez detallada a normativa que garda relación cos procesos de revisión, mellora e modificación dos plans de estudo, realizo as seguintes consideracións:

Aínda que os departamentos como tales non sexan quen de promover un proceso de modificación dun plan de estudos, poden, no entanto, constituír unha ferramenta de apoio moi importante e as súas propostas de mellora do plan de estudos poderían ser, cando menos, recollidas como suxestións, canalizándoas a través do Procedemento de apoio PA04 (Xestión de preguntas, reclamacións e suxestións) e integrándose no informe final que, con carácter anual, o subdirector de Calidade envía á CGC para a súa análise e valoración e o posible establecemento de propostas de mellora. Porén, para que as propostas do departamento poidan ser tratadas pola CGC e remitidas á xunta de centro como propostas de modificación do plan de estudos, deberá de agardarse ao momento en que se cumpra coas Instrucións do 12 de febreiro de 2015 da Secretaría Xeral de Universidades sobre a aplicación de determinados preceptos do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, aos títulos universitarios oficiais con validez en todo o territorio nacional que se imparten no Sistema Universitario de Galicia, en cuxa instrución sétima se establece: As universidades, para aquelas titulacións, que de acordo cos prazos regulados na Renovación de Acreditación deban someterse a este procedemento non poderán someterse a procedementos de modificación ou reverificación.

Ao abordar o segundo punto fago as seguintes consideracións:

Quero sinalar, en primeiro lugar, que ao valedor universitario non lle corresponde exercer como xuíz e ditar sentenzas. O órgano do Valedor non ten capacidade

executiva e está pensado máis para mediar e axudar na resolución de conflitos que para acrecentalos.

Visto o procedemento estipulado para a modificación dos plans de estudos, parece claro que, tivese que contestar ou non o director do centro á solicitude feita polo director do departamento con data 16 de xullo de 2014, e tivese que volver tratarse ou non nunha xunta extraordinaria o que xa se tratou na xunta ordinaria do 18 de marzo de 2015, o resultado práctico resultaría irrelevante, máis aló da mera vitoria moral duns ou doutros.

Sen ser eu ningún experto xurista, nin tendo capacidade real a miña oficina – por tempo nin por efectivos– de abordar este asunto desde esa óptica sen acudir ao saturado servizo da Asesoría Xurídica da Universidade, limitareime polo momento a sinalar algunhas consideracións de carácter formal e a dar unha interpretación máis centrada na lexitimidade que na legalidade. Se unha vez visto este informe, algunha das partes o considera necesario, podería pedirse un ditame de carácter máis técnico.

Sen ánimo de ofender a ninguén, pois eu mesmo en ocasións podo estar inconscientemente a practicalo, o retorcemento das normas na Universidade, quer para conseguir un determinado fin por lexítimo que a un lle pareza, quer para poñerlle trabas á súa consecución por lexítimo que tamén a outro lle puidese parecer, deberíamos tratar de evitalo por todos os medios, pois non xera máis que malestar e atrancos e pode chegar a dificultar seriamente a convivencia no seo dunha institución en que, por riba de todo, deberían imperar o diálogo fluído e unha estreita colaboración.

Mesmo aínda que non existise o dereito de petición, regulado pola Lei orgánica 4/2001, do 12 de novembro, que ampara a todos os cidadáns no seu dereito a presentaren iniciativas, informacións, suxestións, queixas ou súplicas para as que non estea previsto un procedemento específico...; e mesmo non aceptando de bo grao o modo en que se ten cuestionado abertamente o plan de estudos en vigor, cabería esperar que, tanto o director do centro como o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías tivesen dado algún tipo de resposta, ou canalizado polo vieiro máis axeitado o documento... que, segundo relata o director do departamento, lles foi remitido o 16 de xullo de 2014.

Na práctica, a cuestión de que a xunta de centro en que se tratou o asunto do "Acordo, se procede, sobre iniciación do procedemento de revisión do plan de estudos do grao en ***" fose ordinaria ou extraordinaria parece secundario. Así: a) Aínda non sendo extraordinaria, o asunto tratouse dentro dos quince días seguintes ao de recepción da solicitude; b) O director tiña razóns para considerar que non se trataba dun asunto urxente; c) A inclusión como un punto da orde do día nunha reunión ordinaria non parece ter sido cuestionada con anterioridade á realización da propia reunión; d) Polo que se aprecia nas actas da reunión do 18 de marzo de 2015, o asunto foi debatido amplamente no transcurso desa reunión...

En relación coa procedencia ou non da votación do punto 7 da orde do día tras a modificación proposta polo profesor *** na súa redacción (...), cómpre ter presente o seguinte:

Facéndose eco do artigo 26.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o artigo 13.6 do regulamento interno do centro recolle textualmente: "Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, a alteración da dita orde precisará que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría" O art. 14.1c dese mesmo regulamento recolle: "Non poderán someterse a votación aquelas cuestións que non estivesen especificadas en cada punto da orde do día e en relación directa con elas..."

Mesmo no caso de considerarse que a variación do punto non afectase realmente ao fondo da cuestión, toda vez que o presidente da sesión, e mesmo un membro cualificado da xunta de escola (profesora da área de coñecemento de Dereito Administrativo), expuxeron razóns de carácter legal polas que consideraban que resultaba improcedente a votación do punto 7, o non sometemento

dese punto a votación parece o máis axeitado. Pénsese que ao presidente dun órgano colexiado correspóndelle velar polo cumprimento da legalidade (art. 23 e da Lei 30/1992).

O informe conclúe coa seguinte consideración final:

*Espero do centro a máxima flexibilidade para que se canalicen do modo máis axeitado e se tomen en consideración, cando proceda, as propostas de modificación emanadas do documento elaborado pola comisión do Departamento de ***. Confío en que se propiciará por todas as partes un clima relaxado para que estas propostas, xunto con outras que puideren xurdir doutros grupos de interese, e nomeadamente as evidencias que se xeren coa aplicación do SGIC do centro, sirvan para avanzar na mellora da calidade do plan de estudos do grao en ***....*

CASO 596/373 Data 30/04/2015

Reclamante: PDI
(Director de Dpto.)

Inicio: 13/05/2015

Remate: 15/05/2015

Motivo

Denuncia ante o valedor universitario a modificación por parte da comisión docente do centro da acta de cualificacións dunha materia na convocatoria de setembro, sen motivación que a fundamente e invadindo competencias do departamento.

Achega un escrito asinado pola secretaria académica do departamento, acreditativo do acordo adoptado ao respecto polo consello de departamento o 28/04/2015, no que se recolle:

1) Solicitar o amparo do valedor universitario ao considerar que a resolución adoptada pola comisión docente do centro carece absolutamente de motivación, foi adoptada prescindindo das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados, e adoptouse en contra do ditaminado pola comisión composta por tres profesores da área de coñecemento, extralimitándose así nas súas competencias e invadindo as do departamento.

2) Manifestar ao valedor universitario a incompreensión do departamento ante a fundamentación contida na Resolución reitoral do 23/02/2015, pola que se inadmitiu a trámite o recurso de alzada presentado por un dos profesores asinantes da acta que logo foi modificada por acordo da comisión docente do centro, con fundamento en que carece da condición de interesado e non está lexitimado para recorrer.

Actuacións Normativa.

Resolución

Dado que o acordo adoptado pola comisión docente do centro que levou á modificación das cualificacións de tres estudantes en contra do parecer da comisión do departamento foi obxecto dunha resolución reitoral motivada pola que se inadmitía a trámite o recurso de alzada presentado polo profesor, a intervención do valedor universitario no caso resulta improcedente, de acordo co recollido no artigo 104.2 dos Estatutos da Universidade.

Porén, e dado que o asunto preocupa ao departamento e que podería repercutir na participación e implicación do seu profesorado ante futuras reclamacións, creo conveniente clarificar, de maneira xenérica, algúns aspectos da normativa da UDC e da lexislación vixente a respecto das reclamacións contra as cualificacións das materias por parte do alumnado e da procedencia ou non da presentación de recursos por parte do profesorado fronte a eventuais modificacións desas cualificacións acordadas pola comisión de asuntos académicos ou docentes dos centros. Por esta razón, decido remitir ao director do departamento un escrito dirixido a todos os membros do consello do departamento, no que tras comunicarlles as razóns que me levan a absterme de intervir no caso, paso a realizar unha análise dos principais aspectos normativos e a formular as seguintes consideracións ao respecto:

Sobre o procedemento de reclamacións das normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario indico:

O procedemento establecido na Universidade da Coruña para reclamar e resolver sobre as reclamacións contra as cualificacións das materias parece claro e taxado: o estudante presenta unha reclamación contra a cualificación da materia en escrito dirixido ao decano ou director do centro; a instancias do decanato ou dirección do centro, o departamento nomea unha comisión de expertos que emite un informe e o profesorado responsable da cualificación de materia presenta as súas alegacións; a Comisión de Asuntos Académicos ou Docentes do centro decide tendo en conta todos eses documentos; a decisión desta última comisión é vinculante e será notificada polo decano ou director ao reclamante e máis ao profesorado responsable da cualificación.

O nomeamento da comisión de profesores da área ou, no seu defecto, de áreas afíns, compete ao departamento, de modo que esta responsabilidade recae no consello de departamento.

Tanto as alegacións dos profesores que cualificaron a materia como o informe da comisión de expertos nomeada polo departamento deben ser contemplados como asuntos independentes. A normativa recolle un mesmo prazo de remisión do informe do departamento e das alegacións dos profesores ao decano ou director do centro.

Máis aló da achega dos exames ou probas obxecto da reclamación e da remisión das alegacións ao decano ou director do centro, os profesores responsables da cualificación da materia deben manterse á marxe de calquera outra participación no proceso de reclamación, agás se son puntualmente requiridos por algunha das comisións para clarificar algún aspecto.

As comisións de asuntos académicos ou docentes dos centros son comisións plurais en que se atopan representados todos os sectores da comunidade universitaria (PDI, estudantes e PAS). A norma outórgalles claramente as competencias de decidiren sobre as reclamacións, para o que haberán de ter en conta non só o informe da comisión nomeada polo departamento senón tamén a reclamación do estudante e as alegacións dos profesores responsables da cualificación da materia. Porén, aínda que os informes das comisións nomeadas polos departamentos non sexan vinculantes para as comisións dos centros, salvo fundadas razóns en contrario, cabe esperar que o seu ditame sobre a corrección das probas ou exames teña un peso moi importante na decisión final, dada a condición de expertos dos seus membros. En todo caso, e aínda que non conste expresamente na normativa, a decisión da Comisión de Asuntos Académicos ou Docentes debe ser razoada e motivada.

Sobre se poden reclamar os profesores ante un cambio na cualificación acordado pola Comisión de Asuntos Académicos ou Docentes do centro, indico:

As normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións da UDC e a lexislación universitaria só recollen a presentación de recursos contra as resolucións que desestiman as solicitudes do alumnado, polo que debemos acudir a outras fontes de información.

A cuestión que aquí se suscita foi obxecto de debate no foro da Conferencia Estatal de Defensores Universitarios (CEDU) en maio de 2013. Os pronunciamentos doutras universidades, apoiados en informes das súas asesorías xurídicas, así como diversas sentenzas de tribunais superiores de xustiza (de Galicia e doutras comunidades autónomas) e mesmo do Tribunal Supremo coinciden en considerar que a única parte lexitimamente interesada para recorrer a cualificación dun exame é o propio alumno.

Co fin de contribuír a clarificar o fondo da cuestión, recollo a continuación os principais argumentos que se barallan na xustificación de que nin os profesores nin as propias comisións ou tribunais de revisión das cualificacións poden considerarse parte interesada, e polo tanto lexitimada, para reclamar ante eventuais modificacións das cualificacións:

- *As organizacións administrativas, como organizacións complexas, actúan mediante órganos, aos que se lles outorgan distintas competencias, determinándose así unha repartición de tarefas e funcións.*

- A cualificación dun exame é unha competencia administrativa da Universidade que se exerce polo seu profesorado por desconcentración de funcións, polo que en ningún caso pode considerarse parte do dereito á liberdade de cátedra.
- A capacidade de verificar os coñecementos dos estudantes outórgase legalmente á institución pública universitaria, non ao profesorado. Así, o artigo 46.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (LOU) recolle: “As Universidades establecerán os procedementos de verificación dos coñecementos dos estudantes...”
- O profesor ou a comisión ou tribunal de revisión non poden recorrer o acto da cualificación dun exame, en cumprimento do principio da prohibición de ir contra os actos propios, derivación do principio máis xeral de seguridade xurídica.
- Non abonda co simple interese derivado da dignidade ou creto profesional en que se manteña unha resolución adoptada como titular dun órgano administrativo, se como órgano administrativo, en canto profesor que cualifica un exame, non pode interpoñer recurso e como funcionario, é dicir, como persoa física titular do órgano, non lle afecta o contido do acto.
- É unicamente o alumno, cuxos coñecementos se avalían, quen ten un interese propio lexítimo e certo no procedemento, e quen pode considerarse beneficiado ou prexudicado pola resolución obxecto do recurso.
- A artigo 20 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, recolle que “Non poden interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a actividade dunha Administración pública: a) Os órganos dela e os membros dos seus órganos colexiados, agás que unha lei o autorice expresamente...”

Consideracións finais

Calquera actuación que teña que ver coa cualificación dunha materia ou coa súa modificación debe producirse dunha maneira razoada e seguindo as canles e os procedementos legalmente establecidos. A motivación na toma de decisións debe ser algo especialmente coidado nun ámbito como o que nos movemos, a Universidade.

Cando se trata de cuestións que se debaten no seo dalgún órgano de goberno ou comisión, os membros dese órgano ou comisión deben actuar, ao propio tempo, de garantes do cumprimento das normas. Rematada a actuación do órgano ou comisión sen que se manifesten reparos de legalidade ao procedemento seguido, só cabe a interposición de recurso por quen ten interese lexítimo para presentalo, do que segundo o exposto neste informe parecen carecer os profesores responsables da cualificación da materia.

CASO 597/374 Data 04/05/2015

Reclamante: Alumno

Inicio: 06/05/2015

Remate: Sobreseido

Motivo

Alumno de mobilidade Erasmus cun contrato de estudos que se vería fortemente modificado na súa chegada a destino. Considera que se trata dunha causa sobrevida absolutamente allea á súa vontade e solicita a desistencia de matrícula en tres materias con devolución de prezos públicos, dispor no curso seguinte dunha segunda matrícula gratuita ou, en último extremo, que na segunda matrícula do curso seguinte se lle detraia do pagamento desas tres materias o importe xa aboado este curso por primeira matrícula.

Actuacións

Normativa.

Resolución

O reclamante alega que a causa pola que se viu nesa situación foi unha mala información por parte de persoal da UDC (“contacté telefonicamente con persoal de la UDC, que me tranquilizó sobre posteriores modificaciones”). Comenta tamén no seu escrito que realizara unha solicitude de eliminación de matrícula ao decano e que lle fora desestimada.

Desde a Oficina do Valedor remíteselle un correo ao reclamante, no que se lle comunica que antes de proceder a ocuparnos do caso, empezando por contactar co coordinador Erasmus e co decanato, precisamos que concrete cal foi o persoal da UDC co que contactou telefonicamente, e que nos remita os ficheiros da súa solicitude ao decano e da correspondente solución que di anexar no seu correo e que non recibíramos.

O asunto dáse por sobresido, ao non recibir ningún tipo de resposta á nosa solicitude de información.

CASO 598/375 Data 18/05/2015

Reclamante: Alumno

Inicio: 18/05/2015

Remate: 21/07/2015

Motivo Remátalle o prazo de 2 anos para superar materias dun grao en extinción, que se implantara no curso 2010/11, e quéixase pola non aplicación ás novas titulacións da convocatoria extraordinaria que se aplica ás titulacións anteriores ao RD 1393/2007.

Actuacións Servizo de Organización Académica e Administración do centro.

Resolución Tras solicitar información ao centro e aos servizos técnicos na Reitoría, a través do Servizo de Organización Académica fago chegar á Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías as seguintes consideracións:

A Instrución 1/2012-2013, da Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, do 15 de abril, mediante a que se establecen as garantías dos dereitos académicos dos alumnos de títulos oficiais de grao e máster, que están incursos en procesos de modificación, supresión ou extinción dos seus títulos ou dos seus plans de estudos, non recolle as posibilidades de render exame por unha soa vez que outorga a Resolución reitoral do 27 de setembro de 2012 aos alumnos das titulacións da ordenación académica anterior á establecida polo Real decreto 1393/2007. Considerando que as posibilidades de superar unha materia para os alumnos dos graos en extinción poden verse reducidas ata só dúas convocatorias (catro oportunidades) no canto de catro convocatorias (oito oportunidades) das que gozan, segundo a normativa de permanencia, os alumnos dos graos que non se extinguen, e para evitar agravios comparativos coas condicións de extinción das titulacións da ordenación académica anterior á establecida polo Real decreto 1393/2007, propónse unha posible modificación da referida Instrución 1/2012-2013 que dea cabida a unha convocatoria extraordinaria en condicións semellantes ás que se recollen na antedita Resolución reitoral do 27 de setembro para o alumnado dos plans antigos.

Remíteselle esta información ao reclamante.

CASO 599/376 Data 18/05/2015

Reclamante: Alumna

Inicio: 19/05/2015

Remate: 22/05/2015

Motivo Alumna de Erasmus que durante o segundo semestre solicita un cambio de materias do seu contrato de estudos fóra de prazo. Denégaselle a modificación a pesar de que lle fora asignada polo titor da UDC e polo coordinador da universidade de destino.

Actuacións Coordinadora Erasmus do centro.

Resolución Tras contactar coa coordinadora Erasmus do centro, remíttolle un escrito para solicitarlle que considere a posibilidade dun pronunciamento favorable, sempre que a alumna non pretenda tirar proveito da súa demora na tramitación da modificación do contrato, como parecía ser o caso. Trátase dunha alumna bolseira, cun bo expediente académico e que podería verse inmersa en serios problemas económicos de non modificarse a súa situación académica.

A coordinadora analiza os detalles do caso e emite un pronunciamento desfavorable, tras comentar diversas irregularidades en que tería intentado incurrir a reclamante en relación coa súa estadía de mobilidade, tanto na Universidade da Coruña como na universidade de destino.

Reclamante: PDI

Inicio: 10/06/2015

Remate: 29/07/2015

Motivo

En calidade de membro da Comisión de Usuarios dos Servizos de Apio á Investigación (SAI) e da Comisión de Usuarios do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC), pon en coñecemento do valedor universitario que, contravindo o disposto nos correspondentes regulamentos de funcionamento interno, as citadas comisións de usuarios non foron convocadas desde hai máis dun ano.

Solicita que se demanden as oportunas explicacións ao tempo que se lles lembre aos responsables a súa obriga de respectaren os regulamentos e actuaren con transparencia.

Actuacións

Director dos SAI e coordinador do CITEEC.

Resolución

Á vista do contido da queixa e unha vez vistos os regulamentos de funcionamento interno dos SAI e do CITEEC, dirixo os correspondentes oficios ao director dos SAI e ao coordinador do CITEEC con copia ao vicerreitor de Investigación e Transferencia.

O 25/06/2015, o coordinador do CITEEC informa que a data da anterior reunión tivo lugar o 1 de outubro de 2014 e que a seguinte reunión vai ter lugar previsiblemente o 7 de xullo de 2015. Anexa a orde do día e unha copia da folla coa sinatura dos asistentes á reunión do 01/10/2014. Segundo puiden comprobar a sinatura do reclamante figura entre delas.

O 01/07/2015, pendente de recibir resposta do director do SAI, comunícolle ao interesado a información recibida do coordinador do CITEEC e mais unha copia literal e íntegra dun breve correo que media hora antes eu mesmo remitira a este último, no que me limitaba a agradecerlle a súa rápida resposta e a manifestarlle que, á vista da reunión tida en outubro 2014 e da prevista para primeiros de xullo de 2015, estaríase a cumprir axeitadamente co artigo 8.5 do Regulamento do CITEEC, aprobado polo Consello de Goberno o 30 de abril de 2014, no que se recolle: "A Comisión de Usuarios reunirase, cando menos, dúas veces por ano por convocatoria do/a coordinador/a do CITEEC ou por petición, como mínimo, da terceira parte dos seus integrantes."

A pesar de que no propio escrito remitido ao interesado lle sinalaba que no caso do CITEEC todo parecía indicar que houbera un erro pola súa parte, e que na próxima reunión prevista para primeiros de xullo tería ocasión, se o desexaba, de clarificar calquera dúbida ao respecto, o 09/07/2015 recibo un correo seu en que critica a miña actuación por non terlle, segundo el, informado do escrito que remitira ao coordinador, e pasa a cuestionar o modo de funcionamento do CITEEC. Entre outras cousas, o reclamante comenta no seu escrito: "El hecho de que entre la última reunión de la comisión de usuarios y la anteriormente celebrada haya tenido lugar en un plazo inferior al año (que expuse en mi escrito) no debería hacer perder la perspectiva de cuál es el problema real, salvo que lo que se pretenda sea hacer escarnio del demandante..."

O 27/07/2015 recibo un escrito do director dos SAI, quen tras desculpase pola demora na resposta e indicar que esta se debía fundamentalmente a que viña de producirse un cambio na dirección dos Servizos e que el mesmo tomara posesión a primeiros de xullo, informa que, segundo consta nos arquivos dos SAI, a última reunión da comisión de usuarios tivo lugar o 16 de xullo de 2014 e que ten previsto convocar unha reunión no vindeiro mes de setembro. O director comunica tamén que a comisión de usuarios se vén reunindo, como consta na páxina web dos SAI, dúas veces ao ano, xeralmente nos meses de decembro e xullo, se ben é certo que non o fixo en decembro de 2014.

O 29/07/2015 remito un informe completo ao reclamante, ao director dos SAI, ao coordinador do CITEEC e ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, no que tras detallar todos estes aspectos, fago as seguintes consideracións:

A afirmación que fai o reclamante no seu escrito de queixa de 5 de xuño de que contravindo o disposto nos correspondentes regulamentos de funcionamento interno (SAI: artigo 7; CITEEC: artigo 8) as correspondentes comisións de usuarios non foron convocadas hai máis dun ano resulta ser errónea. Segundo

informan (con soporte documental incluído) o coordinador do CITEEC e o director do SAI, a Comisión de Usuarios do CITEEC reunírase o 1 de outubro de 2014 e a Comisión de Usuarios dos SAI reunírase o 16 de xullo de 2014.

A afirmación do reclamante de que o valedor universitario remitiu un escrito ao coordinador do CITEEC ao que este deu lectura na reunión da comisión de usuarios do 7 de xullo de 2015 sen que el tivese coñecemento seu é igualmente errónea. Dende que fun elixido por primeira vez valedor universitario, hai máis de catro anos, nunca con anterioridade á data en que me foi remitido o correo do anexo V saíron desta oficina outros escritos ou actuacións en relación con este tema que non foran os que figuran recollidos literalmente neste informe. Afirmar tras a lectura destes escritos o que se recolle no punto 2 do correo do reclamante ou sinalar que “Tampoco deberías concluír que, en el pasado, no he intentado hacer ver a los responsables esta misma apreciación por lo que el recurso –legítimo- al Valedor parten de una situación notable de hartazgo que no atañe –como sabes- en exclusiva el citeec”, resulta, cando menos, desconcertante. Todos podemos cometer erros e o importante é aceptalo con naturalidade. Tras un pequeno intercambio de correos co interesado, reiterándolle que non existía ningún outro escrito máis que os que xa lle remitira a el, o erro parece aclarado aínda que non totalmente asumido polo reclamante, quen no seu último correo (10/07/2015 ás 10:45h) escribe: “Te agradezco la aclaración. Respondo a tu mensaje de un modo bastante habitual, es decir: haciendo un reply. Podrás apreciar en el encadenamiento de mensajes la dificultad para seguir qué se dice a quién en cada momento y la facilidad con que cierta información puede pasar desapercibida. Sin ánimo de polemizar, una vez visto el contexto y contenidos, constato que no dicen lo mismo, y no me refiero con ello a la literalidad de las palabras.”

Si é certo que, incumprindo co estipulado no artigo 7 do Regulamento dos Servizos de Apoio á Investigación, a comisión de usuarios destes servizos non se reuniu polo menos dúas veces ao ano, pois no ano 2014 só tivo lugar a reunión do 16 de xullo, tal e como recoñece no seu escrito de resposta o recentemente nomeado director dos SAI (anexo VI).

No seu escrito de queixa de 5 de xuño, o reclamante non fai ningún tipo de referencia á existencia doutros problemas nin nos SAI nin no CITEEC, máis aló de sinalar que as comisións de usuarios non foran convocadas dende había máis dun ano e de pedir ao valedor (sen máis soporte nin argumentación) que demande aos responsables (vicerreitor, adxuntos, directores/coordinadores) a súa obriga de respectaren os regulamentos e actuaren con transparencia. Polo tanto, non procede aquí tratar as cuestións que o reclamante sinala con posterioridade á súa reclamación, no seu correo do 9 de xullo sobre o CITEEC, nin cómpre agardar réplica ningunha a este meu informe sobre o funcionamento dos SAI, como parece desprenderse da lectura do último parágrafo do referido correo: “No haré en este momento ninguna valoración en relación con el asunto paralelo del SAI por carecer de información y desconocer el estado de las actuaciones”. Por cuestións de procedemento, non resulta procedente ir sumando a unha queixa novos asuntos que non figuraban recollidos na reclamación inicial, toda vez que a outra parte xa emitiu o seu informe sobre o inicialmente cuestionado.

Obviamente, asístelle ao reclamante o dereito a dirixir ao valedor universitario todas cantas queixas ou reclamacións estimar oportuno, sempre que considere que os seus dereitos ou liberdades están a ser conculcados por algún órgano de goberno ou servizo da universidade; tamén é moi de agradecer que os membros da comunidade universitaria se dirixan ao valedor para indicarlle calquera cuestión que sirva para mellorar a calidade universitaria en calquera ámbito. Porén, por cuestións de operatividade e de boas prácticas, pediríalle ao reclamante que primeiro esgote as vías de participación directa de que dispón como membro das comisións cuxo funcionamento parece cuestionar.

Tras unha rápida lectura ás actas das reunións da Comisión de Usuarios dos SAI dispoñibles na páxina web, non observo nelas ningún cuestionamento previo digno de mención relacionado co funcionamento destes servizos de acordo co seu regulamento, nin por parte do reclamante nin pola de ningún outro membro da súa ampla, plural, participativa e altamente cualificada comisión de usuarios.

O Regulamento do CITEEC data do 30 de abril de 2014, polo que dificilmente pode xulgarse cunha mínima perspectiva o funcionamento da súa comisión de usuarios; as convocatorias das dúas reunións habidas axústanse ás competencias recollidas no seu artigo 8. Ante eventuais futuras reclamacións sobre este tipo de cuestións, cumpriría ter presente que, de acordo co artigo 15.3 do Regulamento do valedor universitario "deberanse concretar, con suficiente clareza, os feitos que orixinan a reclamación, o motivo e o alcance da pretensión formulada e o pedimento que se dirixa ao valedor universitario."

O informe remata coas seguintes recomendacións:

Recoméndase ao recentemente nomeado director dos SAI e aos responsables da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, extremar o celo no cumprimento do artigo 7 do Regulamento no que ao número de reunións anuais da comisión de usuarios se refire, e ao reclamante unha maior atención e obxectividade á hora de formular as súas queixas e de interpretar as actuacións dos demais.

CASO 601/378 Data 23/06/2015

Reclamante: PDI

Inicio: 07/07/2015

Remate: 23/09/2015

Motivo Vulneración dos seus dereitos como profesor. Solicita que se estuden as actuacións (queixas de alumnos e proceder das autoridades académicas) por se puidesen ter como finalidade encuberta a de condicionalo na súa obxectiva valoración do rendemento académico dos alumnos.

Actuacións Dirección e Administración do centro.

Resolución Co fin de clarificar todos os extremos da queixa, o 07/07/2015, solicito á decana un informe detallado que inclúa toda a documentación que puidese gardar relación co asunto.

O 23/07/2015 recibo o devandito informe detallado, acompañado de toda a documentación solicitada.

Á vista do escrito de queixa, do informe da decana, da documentación relacionada co caso e da diversa normativa que lle resulta de aplicación, elaboro un informe que remito ao reclamante e mais á decana o 23/09/2015.

O informe comeza resaltando algúns aspectos normativos e procedementais máis directamente relacionados co caso, facendo referencia ao Sistema de Garantía Interna de Calidade do centro (SGIC), ao Estatuto do estudiantado da UDC aprobado polo Claustro Universitario o 29 de maio de 2007, ao Real decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, ás Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario aprobadas polo Consello de Goberno o 19 de decembro de 2013 e modificadas o 30 de abril de 2014, o 24 de xullo de 2014 e o 29 de xaneiro de 2015, e á Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.

Segue o informe coa análise do caso que se recolle a continuación:

Análise do caso

1.- Contexto

Todo apunta a que, tras publicarse o día 20 de maio as cualificacións provisionais da proba obxectiva realizada o 15 de abril, produciuse un malestar bastante xeneralizado entre o alumnado, realizando consultas a algúns titores e á decana, presentando queixas ou reclamacións antes da revisión (fixada para o 27 de maio), e acudindo masivamente á revisión na data fixada. A non adecuación das esixencias na parte práctica da materia ao tempo de impartición desta, a tardanza na publicación das cualificacións, e a imposibilidade de recuperar a nota desa parte na data fixada no calendario oficial, centran a maioría das queixas do alumnado. O que parece ser un claro síntoma de descontento cos resultados da

avaliación acaba por canalizarse formalmente, nalgúns casos, pola vía do procedemento PA04 do SGIC, o que podería estar a reflectir unha certa teima a represalias -o Anexo02 (Folla de preguntas, reclamacións, suxestións e felicitacións) do documento PA04 non require da identificación de quen formula a pregunta, suxire, reclama ou felicita.

Os resultados excesivamente baixos obtidos na primeira oportunidade do curso 2014/15 poderían estar na orixe das accións emprendidas polo alumnado, e o asunto que chegou a explotar nese momento podería mesmo vir arrastrándose de cursos pasados. *** é, en efecto, unha das materias de primeiro curso que obtivo as menores taxas de éxito e de rendemento nos últimos anos nas diferentes titulacións do centro en que se imparte. Aínda así, os resultados apenas se diferenciaban dos acadados nalgunha outra materia do mesmo curso e titulación, especialmente se temos en conta: a) Que o nivel de coñecementos con que se incorpora o alumnado á materia pode ser moi dispar; b) Que se trata dunha materia en que, no contexto das titulacións en que se está a impartir, cabe presumir que non adoita concitar o interese do alumnado, malia á súa importancia real na súa formación.

2.- Sobre a tramitación das queixas

O Anexo02 (Folla de preguntas, reclamacións, suxestións e felicitacións) do documento PA04 non require da identificación de quen formula as queixas ou reclamacións e a decana só tería a obriga de informar da identidade das persoas que reclaman se estas piden obter resposta ou polo contido da reclamación se fai imprescindible a súa identificación para poder ser analizada e respondida polo profesor. Aínda así, debería extremarse a cautela e gozar do consentimento explícito da/o estudante quen, á vista de que no Anexo02 do PA04 non se lle pide máis identificación que un número de teléfono ou de fax ou un enderezo de correo electrónico (salvo que desexe a remisión da resposta por correo ordinario), pode pensar que a súa identidade nunca será desvelada ao profesor.

Cumprindo co procedemento establecido, a decana procedeu a identificar o profesor *** como a persoa que debía atender e dar cumprida resposta ás reclamacións, remitíndollas sen máis filtro que o da súa correcta formulación e sen entrar a valorar a presunción de veracidade ou non do seu contido nesta fase do proceso. Polo seu contido, algunhas das reclamacións requirían de terlle notificado ao profesor a identidade do reclamante. Porén, para responder as reclamacións baseadas exclusivamente no cumprimento ou non do estipulado na guía docente, que afectan a todo o alumnado, non parece necesario proceder á súa identificación.

Na cultura da calidade, e para facilitar as vías de coñecemento de posibles defectos que cumpra corrixir, é importante que todo aquel que queira contribuír se sinta libre de facelo, sen máis constricións que as realmente necesarias. Nas relacións persoais entre diferentes grupos de interese, as teimas, fundadas ou non, constitúen a cotío un freo que, entre todos, deberíamos contribuír a erradicar, procurando un xusto equilibrio entre os dereitos e as liberdades de cadaquén, en aras dunha mellora da calidade docente na universidade.

3.- Sobre o dereito a nova data para a revisión do exame

A intencionalidade da norma parece clara no senso de facilitar ao alumnado o exercicio do seu dereito á revisión das actividades, os traballos e as probas que serven para a súa avaliación e a recibiren explicación razoada da cualificación que obtiveron. Así, destaca que o período de revisión establecido deberá garantir que todos os estudantes que o desexaren poidan estar presentes e ver as súas probas, e recolle a obrigatoriedade de facer pública a data, o lugar e o horario para tal fin.

Encaixar o espírito da norma coa fixación dunha soa data non sempre resulta doado e, para evitar problemas e facilitar ao alumnado acudir á revisión, moitos profesores fixan xa máis dunha data e mesmo procuran marcar diferentes franxas horarias. En calquera caso, e aínda que para cumprir coa normativa abonda coa fixación dunha única data para a revisión, circunstancias especiais que xustifiquen a imposibilidade dalgún/ha estudante de acudir á revisión na data fixada poden e deben ser consideradas. Tamén debe verse como algo

normal que as/os estudantes acudan ao decanato na busca dunha solución cando, con razón ou sen ela, consideran que non se está a atender axeitadamente os seus dereitos.

Ao recibir unha solicitude formal da alumna *** para poder revisar o exame da materia (solicitude do 29 de maio de 2015), a decana solicita ao profesor que se atenda esa solicitude e, ante a resposta do profesor indicando que só proporcionará as explicacións pertinentes á alumna en presenza da decana ou de calquera outro membro do equipo decanal, a decana acode á Comisión Académica para dirimir a cuestión. Ante o acordo da Comisión Académica, indicándolle que debe proceder a sinalar día e hora de revisión do exame da alumna, o profesor parece sentirse molesto polo que considera unha desautorización improcedente, e malia a que accede a fixar data e hora, condiciona a revisión a que esta se realice no decanato e en presenza dalgún membro do equipo decanal. O procedemento de base seguido pola decana parece axeitado pero, seguramente queréndose primar o obxecto prioritario (a revisión do exame), non parece terse extremado suficientemente o celo na comprobación de se a alumna fixera realmente todo o posible por acudir á revisión na data fixada; o curso *** tiña lugar no *** da Coruña e comezaba ás 16:00h, e a revisión teríase estendido ininterrompidamente entre as 10:00 e as 15:55h. Mesmo considerando prioritaria a revisión do exame, debería terse valorado que o profesor cumprira formalmente co estipulado na norma e que, de concedérselle unha data adicional á alumna en contra do seu criterio, este podería sentirse inxustamente desautorizado diante do alumnado, nun momento especialmente sensible. Resulta, así, comprensible que o profesor, sentíndose forzado a acatar unha decisión que consideraba inxusta, pedira celebrar a revisión no decanato e en presenza dalgún membro do equipo decanal.

Á marxe do horario, o criterio da Comisión Académica de aceptar como válido para fixar unha data adicional para a revisión asuntos como a asistencia a un curso *** promovido pola Consellería de Traballo no *** parece axeitado. Aínda que o alumnado teña unha dedicación a tempo completo á universidade, parece xusto facilitarlle alternativas para as revisións, non só por causas sobrevidas (accidente, enfermidade...), mais tamén por asistencia a outras actividades (traballo, coidado dun familiar, cursos de formación regulados) programadas sen solaparse co calendario oficial de clases e de exames publicado con anterioridade á formalización da matrícula.

O informe remata coas seguintes consideracións:

Consideracións finais

As taxas de rendemento (TR= % de alumnos aprobados sobre os matriculados) e de éxito (TE= % de aprobados sobre os presentados) obtidas na materia *** polos/as estudantes dos graos en *** na primeira oportunidade do curso 2014/15 son francamente baixas (TR= 21,3%, 14,8% e 18,2%; TE= 28,0%, 20,0% e 22,2% respectivamente). Isto debe ser tomado como un síntoma de que algo está a fallar e de que haberá que buscar algún tipo de remedio, no modo e medida en que isto sexa posible. Aínda tendo presente que unha parte do alumnado podería non sentirse o suficientemente motivado pola materia, e mesmo considerando que o nivel de coñecementos que se está a esixir ao alumnado é baixo en termos absolutos, debemos pensar se aínda así non estará a ser lamentablemente excesivo en termos relativos. Compartámolo ou non, a realidade é que, independentemente da materia de que se trate e do nivel de coñecementos con que se incorpore a ela o alumnado, o sistema de créditos ECTS obríganos a tomar como única referencia unha dedicación total de 25 a 30 horas (25 na UDC) á aprendizaxe por crédito para que un alumno tipo medio poida ser quen de superala.

Probablemente a realidade da aula con que se enfronta a diario o profesor *** non estea a colmar, nin moito menos, as súas expectativas como profesor universitario, sen dúbida parece preocupado porque o seu alumnado acade uns mínimos esperables para un alumno universitario, e mesmo podería estar xa a tomar axeitadamente como referencia o valor do crédito pero, en calquera caso, os resultados da primeira oportunidade non deixan de sorprenden e deberían levar a todos –alumnos, profesor e Comisión de Estratexia e Calidade– a unha profunda reflexión.

Cando se implanta un sistema de control de calidade e máis aínda cando, pola súa natureza, se ven implicados directamente nel persoas ou grupos de interese, é fácil que se produzan discrepancias, roces ou mesmo verdadeiras situacións de conflito. Fáltanos costume, pode producirse un certo solapamento con outros procedementos xa implantados, podemos pensar que se están a invadir competencias que sempre consideramos como propias, podemos cegarnos e non estar a ser todo o obxectivos que debéramos, pode faltarnos tacto á hora de comunicarnos cos outros grupos de interese ou mesmo podemos pensar ou pode ocorrer que se estea a facer un uso perverso do sistema. Non obstante, cando o sistema é transparente nada debería preocuparnos, pois todos os membros da comunidade acaban por coñecer os procederes e as razóns que moven a cadaquén.

*Por moito que o estado de ánimo do profesor *** puidese estar a verse afectado polos acontecementos no momento de presentar a súa queixa polas actuacións da decana, o xeito en que este as cualifica no seu escrito de queixa parece un tanto excesivo.*

Profesores e cargos académicos formamos parte dunha administración que, pola súa natureza e funcións, está suxeita con frecuencia a roces e discrepancias entre os seus diferentes grupos de interese. A convivencia, e mesmo o exemplo ao alumnado, esíxennos a todos un esforzo de contención e un exquisito esmero no trato. Confío en que, tras a lectura deste informe, cadaquén valore na súa xusta medida os erros que puidera ter cometido e o teña presente de cara ao futuro.

CASO 602/379 Data 22/06/2015

Reclamante: PDI

Inicio: 25/06/2015

Remate: 25/06/2015

Motivo Remite unha copia dun escrito dirixido á decana e solicita ao valedor universitario que abra, se así o cre necesario, a pertinente incidencia.

Denuncia actuacións doutro profesor que estarían a afectar ao alumnado e outras que lle estarían a afectar a si mesmo, ao tratarse dunha materia compartida.

Actuacións Normativa.

Resolución O profesor acudira previamente á Oficina do Valedor Universitario para relatar os feitos e consultar como proceder. No seu escrito á decana indica que o valedor lle expuxera que lle remitise ese escrito ("me expuxo que lle enviase a Vde. este escrito"), cando o contido do escrito non sempre se correspondía co comentado na Oficina.

O 25/06/2015 remíttolle un escrito ao reclamante, co seguinte contido:

Para evitar posibles malentendidos, que en nada contribúen a clarificar as cuestións que a vostede lle preocupan, pediríalle que non plasmara vostede innecesariamente por escrito o que sería a súa interpretación dos meus comentarios cando acode a consulta á miña oficina.

Entre outras cuestións, recordará vostede que lle comentei que a parte interesada no asunto que recolle no segundo parágrafo do seu escrito á decana, os alumnos, era quen debía reclamar e que, se como vostede me manifestaba, tiñan algunha teima en desvelar os seus nomes (¡vostede ven de desvelalos no seu escrito á decana!), podían acudir a min para eu mesmo aconsellarlles sobre como proceder.

En canto ás cuestións que puideran afectarlle dun modo máis directo, a recomendación que eu lle fixen foi reclamar ante o decanato, pero non sen antes consultar a guía docente da materia para comprobar cales eran realmente os criterios de avaliación que nela figuraban.

Lémbraaselle que, segundo se recolle no artigo 1 do Regulamento do valedor universitario da Universidade da Coruña, o valedor universitario é o órgano

encargado de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades de todos os membros da comunidade universitaria nas actuacións dos diferentes órganos e servizos da universidade e tamén nas situacións de conflito que puideren xurdir entre os propios membros da comunidade universitaria, máis sempre que así for requirido de común acordo polas partes. Así, comunicolle que a miña intervención neste asunto producirase só se tras recibir vostede un pronunciamento do órgano ao que dirixiu o seu escrito, considera que os seus dereitos e/ou liberdades están a ser conculcados.

O propio 25/07/2015 o reclamante replica: "Non interpretei nada no meu escrito, só indico que falei con vostede e que me dixo que me puxera en contacto coa decana. Así, dou os nomes dos alumnos e alumnas porque, como xa lle dixen, antes de seren avaliados e avaliadas non querían desvelar a súa identidade. Despois, e xa llo dixen en persoa, si. Como verá no meu escrito, só explico detalladamente os feitos, nada máis."

CASO 603/380 Data 22/06/2015

Reclamante: PDI

Inicio: 23/06/2015

Remate: 25/06/2015

Motivo

Ao recibir un correo da UADI en que se sinala que a directora do departamento non puido poñerse en contacto con el, solicita que se investigue este comportamento, "o dunha xestora dun departamento universitario que desouvindo calquera tipo de protocolo, non se pon en contacto comigo nin por correo electrónico (conto cunha conta de correo institucional da UDC) nin por teléfono e, de seguido permítese sinalar que lle foi imposible contactar comigo. Ou ben é unha persoa que non sabe desenvolver os seus labores como directora do Departamento ou ben desenvolve unha patente ma fe que se traduce en que eu teña de recibir unha información urxente tarde e, en consecuencia que dispoña de moitísimo menos tempo que outros compañeiras para acometer o meu traballo."

Solicita a apertura de incidencia e a investigación deses termos.

Actuacións

Normativa.

Resolución

Ao día seguinte de recibir a queixa, recibo a copia dun correo que o secretario do departamento dirixe ao profesor e remite tamén a outros órganos de goberno. No correo do secretario detállase e documéntase o reiterado intento de comunicación co interesado a través do correo electrónico; o reclamante figuraba xa entre os destinatarios do correo (venres, 19/10/2015 ás 15:12h) que a propia directora remitira a todo o profesorado do departamento unha hora despois de que lle chegara a solicitude de información por parte da decana (19/10/2015 ás 13:56h). O secretario sospeita que o correo veu devolto porque a conta de correo electrónico do interesado debía estar ao límite da súa capacidade.

Tras considerar que o retraso na recepción da información polo interesado non tivo que ver coa Dirección do departamento, o secretario do departamento conclúe o seu escrito manifestándolle ao reclamante a súa consideración de que as acusacións e descualificacións incluídas en dous correos que este lle remitiu están fóra de lugar e que a cuestión se podería terse aclarado de forma moito máis sinxela e directa cunha conversa entre compañeiros, con algo de comunicación e boa vontade. Por último, o secretario manifesta: «Pero como indicas nos teus correos que tes informado desta cuestión ao valedor universitario e "noutras instancias", é de xustiza que tamén coñezan o noso parecer sobre esta cuestión.»

O 25/06/2015 remito un correo ao reclamante para lle manifestar que o asunto que denunciara parecía suficientemente clarificado e aconséllolle unha maior contención na cualificación do labor doutros compañeiros ou órganos de goberno da universidade, ou que, cando menos, antes de formular denuncias ante o valedor universitario, estas veñan precedidas dunha petición de explicacións a quen, ao seu parecer, teña actuado de xeito incorrecto causándolle prexuízos. Comunicolle tamén que, en todo caso, se considera que o asunto que motivou a súa queixa non está completamente clarificado, non dubide en comunicarmo, xuntando, de ser o caso, toda a documentación da que dispoña ao respecto.

O reclamante responde o meu correo manifestando que tivo só catro horas para realizar xestións sometidas a prazo mentres que o resto de compañeiros tiveran a información desde o venres día 19, que cre que a Dirección do departamento, en asuntos urxentes a prazo, debe contar con máis recursos para ese tipo de asuntos urxentes, e que se fose outro membro do departamento o que non pode recibir o correo, tería sido chamado por teléfono. Comenta tamén que “a Dirección do departamento debeu procurar outra vía de contacto se o correo non lle funcionaba para transmitirme unha información que estaba sometida a prazo ou termo, e nunca dicir que lle é imposible localizarme, debido ao que isto pode implicar... sen ir máis lonxe, o mesmo luns estiven todo o día na facultade.”

Dado que o reclamante, a pesar de non achegar documentación adicional, incide en que a Dirección do departamento nunca debeu dicir “que lle é imposible localizarme, debido ao que isto pode implicar”, relemos os correos electrónicos cuxa copia nos fora remitida polo secretario do departamento, por se se puidese apreciar algún matiz impropio ou algún comentario fóra de lugar que dotara á reclamación do suficiente fundamento como para ser tratada na nosa oficina, de acordo co artigo 16.2 do Regulamento do valedor universitario. Reproducimos aquí o contido íntegro desas mensaxes:

- Correo remitido pola directora do departamento a unha membro da UADI o luns, 22 de xuño, ás 11:44h: “Como me ha llegado el correo de *** devuelto te pido que vuelvas a enviar este correo desde la UADI para que quede constancia de que yo informé a todos los interesados en tiempo y forma el pasado viernes en cuanto me llegaron las instrucciones de la Decana.”

- Correo remitido por unha membro da UADI ao profesor reclamante o luns, 22 de xuño, ás 12:20h: “Seguindo instrucións da directora do *Departamento* ***, e segundo ela declara, ao non lle ser posible o contacto con Vde., reenvíelle o seguinte correo, cos arquivos que se xuntan.”

Ao non apreciar fundamento suficiente na reclamación do interesado, o asunto dáse por pechado sen máis actuacións.

CASO 604/381 Data 13/07/2015

Reclamante: PDI

Inicio: 13/07/2015

Remate: 13/07/2015

Motivo En contradición, cando menos aparente, coa normativa da UDC relativa aos traballos de fin de grao (TFG), que explicita que será un tribunal nomeado para tal efecto o que o cualifique tras unha exposición pública (punto 7), o centro pretende aprobar unha proposta de avaliación en que o papel do tribunal se reduce ao 30%.

Entende que nalgún caso os tribunais poderían suprimirse atendendo a algunha peculiaridade do centro, pero cuestiona abertamente que se manteñan e se fagan inoperantes ou case.

Actuacións Normativa.

Resolución Infórmase ao reclamante de que a Normativa reguladora da matrícula e a defensa do TFG e do TFM, aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013 e modificada por acordo dos consellos de goberno do 30 de abril e 24 de xullo de 2014 e doe 29 de xaneiro de 2015, recolle no seu artigo 4.4. que “Excepcionalmente, para a avaliación dos TFG, a Vicerreitoría competente en materia de ordenación académica poderá autorizar, previa solicitude do centro, debidamente xustificada, que a avaliación non se realice por un tribunal. Neste caso, o centro determinará o procedemento de avaliación, que deberá figurar na solicitude de autorización e realizarse de acordo cos criterios de avaliación da guía docente. A xustificación das solicitudes basearase nas características e peculiaridades propias dos planes de estudo, ou polo elevado número de estudantes matriculados nos Graos”. Enténdese, e así se lle traslada ao reclamante, que o que se pretende é someter á aprobación pola xunta de centro unha solicitude á Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías de acordo coa normativa e de cara á súa eventual aplicación no curso 2015/16.

CASO 605/382 Data 15/07/2015

Reclamante:
Representante de
estudantes

Inicio: 15/07/2015

Remate: 15/07/2015

Motivo Solicita para unhas alumnas que non se lles puntúe un dos tres problemas do exame dunha materia no caso de resposta incorrecta ou de non tela respondido, ao considerar que para resolver ese problema requíranse coñecementos doutras materias que non tiñan por que ter.

Actuacións Dirección do centro.

Resolución Informáselle de que salvo situacións excepcionais que o xustifiquen, as queixas ou reclamacións que se presenten ante o valedor universitario deben estar precedidas por unha actuación ou pronunciamento previo dalgún órgano de goberno ou servizo da universidade, considerado por quen reclama (ou os seus representados) como indebido ou inxusto.

Comúncaselle que o asunto debería ser resolto en primeira instancia polo centro, de acordo co procedemento establecido no capítulo VII (Reclamacións) das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario, e que unha vez que a comisión docente ou académica do centro se pronuncie e o decano comunique a resolución ás persoas interesadas é cando resultaría normalmente procedente presentar unha queixa motivada ante o valedor universitario ou recorrer directamente ante o reitor, de estimarse inxusta a resolución.

O decano coméntame que xa se estaban a ocupar do asunto no centro, ao teren recibido unha solicitude dirixida ao reitor, o que poño en coñecemento do interesado, ao tempo que lle agradezo a súa colaboración.

CASO 606/383 Data 05/08/2015

Reclamante: Allea
Alumna

Inicio: 07/08/2015

Remate: 07/08/2015

Motivo Convocada para matricularse en Terapia Ocupacional na UDC, alega que o primeiro día de prazo tivo problemas coa aplicación informática para formalizar a súa matrícula e que logo se lle pasou o prazo.

Solicita axuda para ser convocada novamente.

Actuacións LERD.

Resolución Comúncaselle á interesada que segundo se recolle no artigo 50.2 da Orde do 24 de marzo de 2011, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia, "En cada prazo de matrícula publicarase a relación de estudantes admitidos para matricularse en cada ensinanza universitaria, indicando os lugares e as datas para formalizar a matrícula. Os estudantes admitidos para matricularse na ensinanza universitaria solicitada en primeiro lugar de preferencia, deberán matricularse no prazo establecido para o efecto; de non facelo perderán os seus dereitos de matrícula nesa convocatoria...".

Infórmase tamén de que a única vía de reclamación sobre o seu asunto é a través da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), como órgano con potestade para xestionar o acceso á universidade, e facilítaselle un contacto no LERD a quen acudir para informarse sobre calquera dúbida ou posible vía que cumpra seguir.

CASO 607/384 Data 06/08/2015

Reclamante: PDI

Inicio: 07/08/2015

Remate: 29/09/2015

Motivo Considera inxusto o ditame da comisión nomeada polo departamento e o acordo adoptado pola comisión académica do centro ao estimar a reclamación dunha alumna e subirlle a cualificación.

Comenta algunhas outras cuestións do pasado que considera poden sumarse como indicios de que no seu centro se lle poidan chegar a poñer obstáculos á súa carreira profesional ou á continuidade no próximo plan de estudos dunha materia que está a impartir no plan actual.

Actuacións Dirección do centro.

Resolución Tras unha ampla entrevista coa profesora, quedo en falar co decano do seu centro para trasladarlle as preocupacións polo menoscabo do seu prestixio como docente e pola continuidade da materia que imparte en vindeiros plans de estudo.

Tras conversar co decano, remítolle un correo á interesada, con copia ao decano, no cal, tras anunciarlle que lle trasladara as devanditas preocupacións, indícolle:

O decano coméntame que o problema está na aplicación de criterios que non están recollidos na guía docente e que tal e como xa lle ten comentado, debe recoller convenientemente nela os criterios de avaliación que vai aplicar.

*Con respecto á continuidade ou non da materia *** en vindeiros plans de estudo, o decano coméntame que non é un asunto que se estea a tratar nestes momentos, e que, chegado o caso, será o departamento o que faga as oportunas propostas.*

O decano maniféstame que no seu centro non aprecia nin consente que se dea un trato discriminatoria a ningún docente.

Remato o correo expresando a miña confianza en que todo se desenvolverá nun clima de normalidade, primando os criterios racionais e normativos sobre calquera outro criterio.

CASO 608/385 Data 10/08/2015

Reclamante: Alumna

Inicio: 10/08/2015

Remate: 17/08/2015

Motivo Tras presentarse por dúas veces no mesmo curso e suspender a última materia que lle queda para poder defender o proxecto de fin de carreira (PFC) dos seus estudos de Enxeñaría polo plan vello, solicita que se lle conceda o aprobado por compensación no mesmo curso e poder así defender o seu PFC a primeiros de setembro, sen ter que agardar ao seguinte curso académico.

Actuacións Servizo de Organización Académica e Administración do centro.

Resolución Contáctase co centro e co Servizo de Organización Académica (SOA). No SOA coméntannos que o problema formulado está en vías de solucionarse favorablemente para a interesada, do cal se lle informa.

ANÁLISE DE DATOS

Nesta sección inclúese unha pequena análise de datos sobre os casos presentados durante o curso académico 2014/15, apoiada por un pequeno soporte gráfico que permita ver facilmente a tipoloxía e a distribución dos casos por colectivos, órganos e servizos.

Para unha correcta interpretación dos resultados que aquí se presentan, cómpre ter en mente as seguintes consideracións:

- Non todas as consultas que chegan á Oficina do Valedor Universitario teñen a súa orixe nunha falla de atención por parte do centro ou do servizo ao que correspondería dar resposta.
- Non todas as queixas ou reclamacións que se presentan na Oficina responden necesariamente a unha mala actuación do órgano ou servizo contra o que se reclama.
- Aínda que boa parte da normativa que é de aplicación nos centros ten un carácter universal, os centros e os departamentos poden presentar unha certa especificidade en función do tipo de estudos que neles se impartiren.
- En cada centro estase a impartir un determinado número de títulos de grao e posgrao que pode diferir moito duns centros a outros.
- O número de estudantes, PDI e PAS varía considerablemente segundo o centro.
- O número e as funcións do PAS varían considerablemente segundo o servizo.
- O grao de vinculación dos servizos centrais coas vicerreitorías en que se integran é moi diverso, polo que con frecuencia é difícil deslindar responsabilidades ante determinadas queixas ou reclamacións. Así, no tratamento de datos sobre casos relacionados cos servizos centrais e/ou as vicerreitorías, procederemos á súa agrupación por vicerreitorías.

Nota: Moita da información de base á que aquí se fai referencia pódese consultar na Memoria do reitor do ano 2014 (http://www.udc.es/export/sites/udc/cifras/_galeria_down/memorias/memoria2014/Memoria_2014.pdf)

DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR COLECTIVOS

113 **76%**

ESTUDANTES

25 **17%**

PDI

5 **3%**

PAS

6 **4%**


ALLEOS

1

VALEDOR UNIVERSITARIO

150

TOTAL



DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR CAMPUS

133 **89%**


A CORUÑA

17 **11%**

FERROL

150

TOTAL



DISTRIBUCIÓN DE CONSULTAS POR COLECTIVOS

86 **80%**

ESTUDANTES

13 **12%**

PDI

4 **4%**


PAS

4 **4%**

ALLEOS

107

TOTAL



DISTRIBUCIÓN DE QUEIXAS POR COLECTIVOS

27 **64%**

ESTUDANTES

12 **29%**

PDI

1 **2%**

PAS

2 **5%**


ALLEOS

1

VALEDOR UNIVERSITARIO

43

TOTAL




DISTRIBUIÇÃO DE CASOS POR SEXO

CONSULTAS

	M	H
ESTUDANTES	50	36
PDI	6	7
PAS	2	2
ALLEOS	2	2
TOTAL	60	47

QUEIXAS

	M	H
ESTUDANTES	13	14
PDI	2	10
PAS	1	0
ALLEOS	2	0
TOTAL	18	24




- ESTUDANTES
- PDI
- PAS
- ALLEOS

DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR ÁREA TEMÁTICA


(C) CONSULTAS
(Q) QUEIXAS

ÁREA TEMÁTICA	ESTUDANTES		PDI		PAS		ALLEOS	
	C	Q	C	Q	C	Q	C	Q
Acceso, taxas e xestión académica	19	10	0	0	0	0	2	2
Validacións, adaptacións e recoñecementos	5	1	0	0	0	0	0	0
Organización e actividade docente	14	6	3	0	0	0	0	0
Exames e criterios de avaliación	27	6	1	2	2	0	0	0
Organización e actividade investigadora	2	1	0	0	0	0	0	0
Bolsas e axudas ao estudo	9	1	0	0	0	0	0	0
Oposicións, concursos e contratos	0	0	0	1	0	0	0	0
Comportamento	4	0	4	3	0	0	0	0
Infraestrutura e funcionamento dos servizos	2	0	1	1	0	0	1	0
Procedementos e recursos	2	0	2	4	0	1	0	0
Outros	2	2	2	1	2	0	1	0
TOTAL	86	27	13	12	4	1	4	2

CONSULTAS




QUEIXAS




DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR CENTROS

	CONSULTAS	QUEIXAS
Escola Politécnica Superior	6	1
ETS de Arquitectura	6	4
ETS de Camiños, Canais e Portos	3	0
ETS de Náutica e Máquinas	2	1
EU de Enfermaría	4	0
EU de Arquitectura Técnica	5	2
EU de Turismo	2	0
EU Politécnica	3	2
Facultade de Ciencias	0	1
Facultade de Ciencias da Educación	16	7
Facultade de Ciencias da Saúde	1	0
Facultade de Ciencias da Comunicación	5	1
Facultade de Ciencias do Deporte e a EF	3	0
Facultade de Ciencias do Traballo	2	0
Facultade de Dereito	0	1
Facultade de Economía e Empresa	8	2
Facultade de Enfermaría e Podoloxía	1	0
Facultade de Filoloxía	4	2
Facultade de Fisioterapia	2	0
Facultade de Humanidades	1	0
Facultade de Informática	5	1
Facultade de Socioloxía	2	1
TOTAL	81	26




DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR ÓRGANOS DE GOBERNO DA REITORÍA

	CONSULTAS	QUEIXAS
Reitor	1	0
Secretaría Xeral	1	1
Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura	7	2
Vicerreitoría de Investigación e Transferencia	4	5
Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestr.	0	1
Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente	0	2
Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación	2	0
Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías	8	5
Xerencia	3	1
TOTAL	26	17




DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CASOS




TEMPO DE RESOLUCIÓN DOS CASOS

1 A 7 DÍAS	101	67%
7 DÍAS A 1 MES	30	20%
1 A 3 MESES	12	8%
+ 3 MESES	7	5%



NÚMERO DE ACTUACIONES POR COLECTIVO E CURSO ACADÉMICO

	2010 / 2011	2011 / 2012	2012 / 2013	2013 / 2014	2014 / 2015
ESTUDANTES	65	93	95	105	113
PDI	5	6	13	13	25
PAS	4	7	8	2	5
ALLEOS	5	14	11	8	6
VALEDOR UNIVERSITARIO	0	1	1	2	1
TOTAL	79	121	128	130	150



RECOMENDACIONES/ SUXESTIÓNS

Da análise dalgunhas das queixas derivanse recomendacións ou suxestións a distintos órganos ou servizos, aos que se lles solicita o seu concurso, ben para que velen polo cumprimento das normas, ben para que procedan á súa adaptación ou mellora (así acontece nos casos 568/345, 570/347, 572/349, 575/352, 577/354, 580/357, 590/367, 591/368, 593/370, 595/372, 596/373, 598/375, 600/377 e 601/378).

OBXECTIVOS

Ademais de continuar tratando de dar rápida e motivada resposta aos casos que chegan á Oficina do Valedor Universitario en defensa dos dereitos e liberdades de todos os membros da comunidade universitaria, a colaboración cos órganos de goberno na procura da mellora de normas, procedementos e convocatorias segue a formar parte dos nosos obxectivos para o curso académico 2015/16.

A procura de resolucións áxiles e ben motivadas polos órganos de goberno convértese tamén nun dos nosos principais obxectivos, pois, para alén de ser de xustiza, resulta moi frustrante para quen reclama e moi prexudicial para a imaxe da institución a sensación de indefensión que o tratamento dado a algunhas reclamacións está a provocar.

Dado que nalgúns centros ou dependencias da UDC poden estar a darse situacións anómalas que non chegan á nosa oficina e que cómpre coñecer para axudar a reparalas, ao longo deste curso é o meu propósito comezar por reunirme cos representantes do alumnado nas diferentes facultades e escolas. Aproveitaremos estas reunións para dar tamén unha maior visibilidade á figura do Valedor Universitario e, xa que logo, para incrementar a súa operatividade.

PRESENTACIÓN PERANTE O CLAUSTRO

A memoria anual sobre a xestión realizada durante o curso académico 2014/15, xunto cos obxectivos para o curso 2015/16, foi posta a disposición dos claustrais cunha semana de antelación a que tivese lugar a sesión do Claustro, o día 30 de marzo de 2016.

No acto de presentación fíxose unha breve referencia ao marco xeral en que se desenvolveu a actividade da Oficina do Valedor Universitario durante o curso, e comentáronse brevemente os principais datos de xestión relativos ao número de consultas e de queixas clasificadas por colectivos, campus, sexo, área temática, centros e órganos de goberno da Reitoría. Presentouse, así mesmo, a distribución temporal dos casos ao longo do curso e mais o tempo investido na súa resolución.

Tras salientar o lixeiro incremento no número total de casos tratados con respecto ao curso precedente e destacar que no caso do persoal docente e investigador se duplicou o número de queixas, apuntouse como posible motivo, cando menos dunha parte dese incremento, a falla de expectativas de promoción e de consolidación do PDI no seu posto de traballo, como consecuencia da exígua taxa de reposición imposta ás universidades (10%).

A continuación, incidíuse nas dúas áreas temáticas en que se produciu un maior número de casos (“exames e criterios de avaliación”, e “acceso, taxas e xestión académica”) e enumeráronse algunhas cuestións relativas a diversos casos en razón da súa transcendencia ou da súa singularidade: *a)* A supeditación entre disciplinas no proceso de avaliación, mesmo tratándose de materias e módulos distintos; *b)* A imposibilidade de reclamar por parte do profesorado cando a comisión académica ou docente acorda modificar unha cualificación; *c)* A falla, en moitos casos, de concreción e de flexibilidade nos criterios de avaliación das materias, especialmente na 2.^a oportunidade; *d)* A demora na implantación do acceso á universidade para as persoas maiores de 40 anos con experiencia laboral; *e)* Os problemas derivados da configuración dun plan de estudos para os demandantes

de bolsas do Ministerio; *f)* Os problemas relacionados con erros ou atrasos na formalización da matrícula; *g)* A imposibilidade de matriculación nunha titulación, comunicada a destempo, como consecuencia do mantemento na páxina web de información errada e/ou non actualizada; e *h)* A exclusión expresa das ensinanzas adaptadas ao EEES no cobro da cantidade fixa de 20 euros para as materias de plans de estudos en extinción nas cales non se imparte xa docencia (Decreto 77/2014, do 20 de xuño).

De seguido, o valedor manifestou a súa preocupación polo feito de que desde algunhas instancias non sempre se están a dar respostas áxiles e suficientemente motivadas ante determinadas reclamacións ou recursos, o que está a xerar nas persoas interesadas unha notable sensación de indefensión que resulta moi frustrante. Lamentablemente, a excesiva tardanza na resolución das reclamacións non sempre vai parella coa súa calidade.

Tras concretar os obxectivos para o curso 2015/16, a presentación remata co anuncio da publicación na páxina web dos casos tratados na Oficina do Valedor ao longo dos últimos cinco cursos agrupados por áreas temáticas (http://www.udc.gal/goberno/organos_colexiados_e_estatutarios/valedor_universitario/memoria.html), e da publicación do número “0” da revista *Rued@* (acrónimo de *Revista Universidad, ética y derechos*) –editada pola Conferencia Estatal de Defensores Universitarios–, coa que se pode colaborar remitindo traballos sobre calquera temática relacionada co ámbito de actuación das valedorías universitarias (<http://www.cedu.es/index.php/revista-rued>). Trátase, en ambos os casos, de fontes de información que poden resultar de interese, non só para calquera membro da comunidade universitaria que sinta que algún dos seus dereitos ou liberdades podería estar a ser conculcado, máis tamén, en ocasións, para os propios órganos de goberno que se enfrontan por primeira vez a situacións que aínda non se produciran no seu ámbito de actuación e xestión.

GASTOS NA OFICINA DO VALEDOR UNIVERSITARIO (2015)

ANEXO 1

CRÉDITO INICIAL	4.500,00
Gastos de funcionamento	688,66
Axudas de custo	1.014,22
Gastos de viaxe	1.223,55
TOTAL GASTOS	2.926,43



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

1989
2014



UNIVERSIDADE
DA CORUÑA

08 OUT. 2014

SAIDA n.º 56

VALEDOR UNIVERSITARIO

Centro Universitario de Riazor
Rúa Almirante Lángara, s/n
15011 A Coruña
Telf. 981 167 000
Fax 981 167 106

Estimado xerente,

Na actual RPT, o único posto de traballo de Persoal de Administración e Servizos adscrito á Oficina do Valedor Universitario é un posto base (nivel 16).

Dende que a mediados dos pasados anos noventa empezara a funcionar unha Comisión de Garantías na nosa universidade ata o día de hoxe, pasaron preto de 20 anos. A figura de Valedor Universitario está hoxe en día plenamente consolidada, e o traballo administrativo a desempeñar na Oficina require dunha alta cualificación por parte de quen o desempeña, con importantes labores de interlocución pero tamén cunha grande especialización na diversidade debido á enorme casuística que se pode dar, tanto no contacto directo con moi diversos membros da comunidade universitaria como no manexo de todo tipo de lexislación e normativas para o tratamento dos casos.

En razón das características do órgano, en poucas dependencias universitarias é tan necesaria como na Oficina do Valedor Universitario unha persoa da máxima confianza e competencia para desenvolver axeitadamente as tarefas propias da secretaría. A secretaría da oficina non pode pois verse na tesitura de estar sometida a constantes cambios do seu único persoal administrativo, nutríndose a cada cambio do persoal máis inexperto da institución universitaria.

No propio Regulamento do Valedor Universitario, aprobado polo Claustro Universitario o 5 de maio de 2006 recóllese que o valedor universitario, para os efectos de protocolo, será equiparable a vicerreitor. Consonte co rango protocolario do órgano do Valedor Universitario e coas ocupacións que lle son inherentes, para atender as labores propias de secretariado, as outras súas universidades do SUG contan na súa RPT con cargos de libre designación do mesmo nivel que as súas vicerreitorías.

Por todas estas razóns, e aínda sendo consciente das grandes dificultades económicas do momento, é polo que lle solicito encarecidamente contemplan na próxima Relación de Postos de Traballo do PAS un posto de libre designación de nivel 21, no canto do posto base (nivel 16) que aínda perdura na actual RPT.

Atentamente,

A Coruña, a 8 de outubro de 2014


O valedor universitario

Enrique Martínez Ansemil

SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



VALEDOR UNIVERSITARIO

Centro Universitario de Riazor
Rúa Almirante Lángara, s/n
15011 A Coruña
Telf. 981 167 000
Fax 981 167 106

1989
2014



UNIVERSIDADE
DA CORUÑA

Estimado xerente,

O pasado 8 de outubro de 2014, remitinlle un escrito solicitando un cambio no único posto de traballo da RPT ligado á Oficina do Valedor Universitario: dotación dun posto de nivel 21 e de libre designación no canto do actual posto base (nivel 16).

Sorpréndeme ver que, a pesares das motivacións detalladas no referido escrito e do esforzo que levamos feito nestes últimos anos por situar a figura do Valedor Universitario no lugar que lle corresponde, no documento de Revisión da RPT do PAS (Memoria e Normas de Aplicación) non se contempla nin o máis mínimo avance por dotar á Oficina do Valedor Universitario dunhas condicións que xa se están a dar na inmensa maioría das universidades do estado (incluídas as outras dúas universidades do SUG) e que resultan imprescindibles para asegurar o correcto funcionamento deste importante órgano.

Máis aló dunha razón estritamente económica, dificilmente explicable cando menos en termos custo/beneficio para a institución, non podo alcanzar a comprender cales poden ser as verdadeiras razóns que terían levado ao rexeitamento dunha solicitude que o único que pretende é evitar que se afogue agora o que está empezando a emerxer con forza. Ao pedir un maior nivel e a libre designación o único que pretendo e que se garanta un mínimo de experiencia, un mínimo de estabilidade e unha elevada dose de empatía por quen estea chamado a desenvolver os labores propios da secretaria da Oficina do Valedor Universitario.

Polo que se me ten transmitido, o rexeitamento da miña solicitude puido ter que ver coa petición dun posto de libre designación. Quero manifestar a este respecto que eu non teño ningunha querenza especial pola libre designación. Mais ao contrario, estaría encantado de que se me liberara desa responsabilidade (eu nunca o contemplaría como un privilexio), sempre e cando se arbitrara un procedemento de selección que garantise que cando un potencial usuario da oficina do valedor teña o seu primeiro contacto con esta se atopé cunha persoa afable e próxima, pois neste aparente pequeno detalle xógase moito do funcionamento deste órgano, habida conta das súas especiais características.

Agradeceríalle que, dada a importancia do asunto, e antes de aprobar definitivamente a nova RPT, puxera en coñecemento dos diferentes axentes con algún tipo de responsabilidade na súa elaboración e/ou aprobación, estas pequenas reflexións así como o escrito que lle remitín o pasado 8 de outubro. O panorama dun valedor universitario abocado a desenvolver o seu

trabalho tendo ao mesmo tempo que ensinar a cada pouco a un novo posto base resulta
estraño e nada reconfortante.

Agradeceríalle que me informara detalladamente de todo o proceso, especialmente, se a miña
solicitud non fose finalmente aceptada.

Grazas pola súa colaboración.

Atentamente,

A Coruña, 28 de abril de 2015

O valedor universitario



Enrique Martínez Ansemil

SR. XERENTE DA UDC

(Aprobados polo Decreto 101/2004 do 13 de maio e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro)

CAPÍTULO VI **DO VALEDOR UNIVERSITARIO**

Artigo 103

1. O valedor universitario é o órgano encargado de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades dos membros da comunidade universitaria.

2. O valedor universitario será nomeado, entre os membros da comunidade universitaria, polo claustro universitario, por maioría absoluta dos seus membros, cada catro anos. Poderá ser dispensado total ou parcialmente das súas tarefas académicas.

3. O valedor universitario non estará sometido a mandato imperativo ningún e actuará con plena autonomía e independencia de calquera órgano universitario.

Artigo 104

1. Correspóndelle ao valedor universitario:

Propoñerlle ao claustro para a súa aprobación o seu regulamento de funcionamento.

Demandar das distintas instancias universitarias cando a información considere oportuna para o cumprimento dos seus fins.

Elaborar cantos informes lle sexan solicitados ou considere oportuno emitir en relación coas actuacións en curso.

Efectuar as propostas que considere axeitadas para a solución dos casos que sexan sometidos ao seu coñecemento.

2. O valedor universitario non poderá actuar en relación con actos que esgotasen a vía administrativa ou contra os que se interpuxese recurso administrativo ou xurisdiccional.

3. O valedor universitario deberá presentar anualmente ante o claustro universitario unha memoria da súa actividade coas recomendacións e suxestións oportunas.

REGULAMENTO DO VALEDOR UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO 4

Aprobado polo Claustro na súa sesión do día 5 de maio de 2006

Preámbulo

En cumprimento do establecido na disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (BOE do 24 de decembro) e no artigo 104.1.a) do Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG número 100, de 26 maio 2004), polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña, a presente disposición normativa, aprobada polo Claustro da Universidade na súa sesión de 5 de maio do 2006, ten como finalidade regular a figura do valedor universitario como órgano independente encargado da defensa e da protección dos dereitos e das liberdades de todos os membros da comunidade universitaria, e cuxas actuacións están sempre dirixidas a mellorar o funcionamento da Universidade da Coruña como servizo público.

Título I Disposicións xerais

Artigo 1

O valedor universitario é o órgano encargado de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades de todos os membros da comunidade universitaria nas actuacións dos diferentes órganos e servizos da Universidade da Coruña e tamén nas situacións de conflito que puideren xurdir entre os propios membros da comunidade universitaria, mais sempre que así for requirido de común acordo polas partes implicadas.

Artigo 2

Na Universidade da Coruña, o valedor universitario, para os efectos de protocolo e de complemento retributivo, será equiparable a vicerreitor. Poderá ser dispensado total ou parcialmente das súas tarefas académicas coa Universidade.

Artigo 3

1. No exercicio das súas funcións, o valedor universitario non está sometido a mandato imperativo de ningún tipo, nin recibe instrucións de ningunha autoridade académica nin órgano de goberno unipersoal ou colexiado.

2. Co fin de mellorar a calidade universitaria en todos os seus ámbitos, o valedor universitario cumpre as funcións que ten encomendadas con independencia, con obxectividade e con autonomía no marco que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña e o resto do ordenamento xurídico.

3. A Universidade da Coruña garante a protección e o abeiro do valedor universitario por razón das súas actuacións. Ao valedor universitario non se lle poderá abrir un expediente nin se lle poderá sancionar por causa das opinións expresadas ou das accións realizadas no exercicio das súas funcións.

Título II Elección, nomeamento e cesamento do valedor universitario

Artigo 4

1. O valedor universitario será elixido polo Claustro da Universidade entre os membros da comunidade universitaria de recoñecida probidade e imparcialidade.

2. A duración do seu mandato será de catro anos e será posible a súa reelección consecutiva por unha soa vez.

Artigo 5

1. En representación do Claustro, a coordinación do proceso de elección do valedor universitario recae na Mesa do Claustro.

2. Por instancia da Mesa do Claustro, a elección do Valedor Universitario será convocada publicamente polo reitor nos dous meses inmediatamente anteriores á expiración do mandato do valedor universitario.

3. A convocatoria, que será comunicada a todos os membros do Claustro, establecerá a data e o lugar da votación, que deberá ter lugar 30 días lectivos despois da súa publicación. Na convocatoria publicarase tamén o

censo actualizado dos membros do Claustro e o calendario electoral.

Artigo 6

1. As candidaturas deberán estar secundadas, como mínimo, por 15 claustrais.

2. Na candidatura deberá facerse constar o nome e os apelidos da persoa que se presenta como candidata, o seu número de documento oficial de identidade ou pasaporte e o centro ao que pertence e a súa sinatura de aceptación da candidatura. Igualmente, debe facerse constar o nome e os apelidos dos/as claustrais que presentan a candidatura, o sector e o centro ao que pertencen e a sinatura de cada unha delas.

3. O prazo de presentación de candidaturas será de oito días lectivos desde a publicación da convocatoria.

Artigo 7

1. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a Mesa do Claustro procederá, no prazo máximo de tres días lectivos, a realizar a proclamación provisoria de candidatos.

2. Dentro do prazo de tres días lectivos a partir da data de proclamación provisoria de candidatos, poden presentarse reclamacións ou solicitudes de rectificación mediante un escrito dirixido á presidencia da Mesa do Claustro. As reclamacións e as solicitudes de rectificación deberán resolverse nun prazo de tres días lectivos, que se contarán desde a finalización do prazo de súa presentación.

3. Se non se presentaren reclamacións nin solicitudes de rectificación no prazo fixado, ou unha vez resoltas, a Mesa do Claustro procederá á proclamación definitiva de candidatos.

Artigo 8

1. A elección efectuarase por votación secreta dos claustrais.

2. Será elixido valedor universitario o candidato que obteña o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Claustro en primeira volta.

3. No caso de varias candidaturas, se ningunha das persoas candidatas obtiver esa maioría, a Mesa do Claustro proclamará os dous candidatos máis votados e anunciará o día e a hora da segunda volta, que deberá ter lugar cando transcorran dous días lectivos desde a primeira volta. Será proclamado candidato electo en segunda votación o que obtiver o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Claustro.

4. O reitor nomeará como valedor universitario a persoa candidata que resulte elixida.

Artigo 9

1. O valedor universitario finalizará o seu mandato polas seguintes causas:

a) Por propio pedimento.

b) Por expiración do prazo do seu mandato, aínda que permanecerá en funcións ata que o Claustro elixa quen o vai suceder.

c) Por deixar de ser membro da Universidade da Coruña.

d) Por morte ou por incapacidade sobrevida para desempeñar as súas funcións.

e) Por moción de dúas terceiras partes do Claustro tras proposta do vinte por cento dos claustrais no caso de incumprimento das súas obrigas e dos seus deberes inherentes ao cargo. A solicitude de cesamento dirixida á Mesa do Claustro deberá indicar as causas polas que este se solicita, os nomes e os apelidos das persoas solicitantes, os números dos seus documentos oficiais de identidade ou pasaportes, o sector e o centro ao que pertenceren.

Por instancia da Mesa do Claustro, o reitor convocará nun prazo non superior a quince días lectivos, que hai que contar desde a presentación da solicitude de cesamento, unha sesión claustral que terá como único punto da orde do día a solicitude de cesamento do valedor universitario e enviará aos claustrais a proposta de cesamento.

Nesta sesión claustral intervirán unha das persoas solicitantes do cesamento e o valedor universitario, por unha soa vez e durante o tempo previamente fixado pola Mesa do Claustro, que deberá serlles comunicado cun mínimo de sete días lectivos de antelación á realización desta sesión claustral. Finalizadas as súas intervencións, votarase a proposta de cesamento. Será necesario o voto das dúas terceiras partes dos membros do Claustro para que esta prospere. Se a proposta de cesamento prosperar, convocarase o proceso electoral previsto neste regulamento no prazo máximo dun mes, mais, se non prosperar, entón ningunha das persoas asinantes poderá promover unha nova solicitude ata que transcorra un ano desde a votación da primeira.

2. Nos casos de finalización do mandato polas causas a), c) e d) o Claustro Universitario iniciará no prazo máximo dun mes o proceso de elección dun novo valedor universitario de conformidade co procedemento previsto neste regulamento para a elección do valedor universitario. Mentres tanto, actuará como tal o/a catedrático/a en activo de maior idade e con máis antigüidade na

Universidade da Coruña que non desempeñe ningún cargo académico nin de goberno nin de representación. Tamén poderá actuar como tal no caso de que o valedor universitario se atope imposibilitado temporalmente para exercer as súas funcións ou deba absterse de intervir naquelas actuacións en que, como membro da comunidade universitaria, tivese intereses persoais.

Título III **Normas xerais de funcionamento**

Artigo 10

O valedor universitario réxese pola Lei orgánica de universidades, os Estatutos da Universidade da Coruña e o presente regulamento.

Artigo 11

A condición de valedor universitario é incompatible co desempeño de calquera cargo de representación ou goberno universitario.

Artigo 12

1. O valedor universitario supervisará as actividades da Universidade dentro dos límites establecidos no artigo 1 deste regulamento e coidará, de oficio ou por instancia de parte, de que fique garantido o pleno respecto dos dereitos e das liberdades de todos os membros da Universidade da Coruña, para evitar situacións de indefensión ou de arbitrariedade. En ningún caso poderá actuar en relación con actos que esgoten a vía administrativa ou contra os que se interpuxese un recurso administrativo ou xudicial.

2. O valedor universitario poderá solicitar da administración universitaria a colaboración que considere axeitada para o desenvolvemento das súas funcións. Os órganos colexiados e unipersoais, así como os diversos servizos da Universidade da Coruña, deberán prestarlle a axuda necesaria para o cumprimento das súas funcións, dentro do prazo que fixe o valedor. Tamén poderá solicitar asistencia técnica xurídica dentro ou fóra da Universidade, caso de que a precise para a realización das súas funcións.

3. O valedor universitario poderá solicitar a súa asistencia como observador ás sesións de calquera órgano da Universidade, cando el considere que se tratan materias relacionadas coas súas funcións.

Artigo 13

A Universidade da Coruña proporcionará ao valedor universitario os medios materiais e persoais necesarios

para o cumprimento dos seus fins. A dotación económica necesaria para o seu funcionamento consignarase, cada ano, nos orzamentos da Universidade da Coruña, tras a proposta razoada presentada polo propio valedor.

Título IV **Procedementos de actuación**

Artigo 14

O valedor universitario actúa de oficio ou por instancia de parte en todas as situacións que foren susceptibles de necesitar o seu abeiro. Na tramitación dos procedementos perante o valedor universitario seguiranse todas as garantías previstas legalmente para os procedementos administrativos.

Capítulo I **Por instancia de parte**

Artigo 15

1. Calquera membro da Universidade da Coruña que invoque un interese lexítimo poderá dirixirse, sen ningunha restrición, ao valedor universitario.

2. As reclamacións formularaaas a persoa interesada mediante a presentación dun escrito que conteña o seu nome e os seus apelidos, o seu número de documento oficial de identidade ou pasaporte, o sector ao que pertence e o seu domicilio para os efectos de notificación. Nel deberanse concretar, con suficiente clareza, os feitos que orixinan a reclamación, o motivo e o alcance da pretensión formulada e o pedimento que se dirixa ao valedor universitario.

3. O escrito da reclamación presentarase con liberdade de forma, sen prexuízo da existencia de impresos que faciliten a presentación da reclamación por parte das persoas interesadas, que ademais poderán solicitar asesoramento para cubriren os impresos ou presentaren os seus propios escritos de reclamacións.

Artigo 16

1. O valedor universitario contará cun rexistro propio, non integrado no sistema xeral de rexistros da Universidade da Coruña, aínda que deberá estar en coordinación con el. Este rexistro terá carácter reservado co fin de garantir a confidencialidade dos asuntos tramitados e, especialmente, a identidade de quen formalice a solicitude de intervención do valedor universitario.

2. O valedor universitario rexistrará e emitirá un xustificante de recepción de todas as reclamacións

presentadas que admitirá ou non, motivadamente, no prazo máximo de quince días hábiles. Non admitirá as reclamacións anónimas, as formuladas con insuficiente fundamento ou inexistencia de pretensión e todas aquelas outras cuxa tramitación prexudiquen dereitos lexítimos de terceiras persoas.

3. Tampouco entrará no exame daquelas reclamacións que estiveren pendentes de resolución nun proceso xudicial ou nun expediente administrativo. E suspenderá calquera actuación se, no transcurso da súa tramitación, se iniciar un procedemento administrativo ou se interpuxer demanda ou recurso perante os tribunais de xustiza.

Artigo 17

1. Admitida a reclamación, o valedor universitario adoptará as medidas de investigación que considere necesarias para o esclarecemento dos feitos. Nestes casos, dará conta do contido substancial do escrito á persoa ou ao órgano administrativo pertinentes para que, no prazo de quince días hábiles, fagan as alegacións oportunas, entreguen a documentación conveniente ou comparezan para informar. Se se obviasen tales requirimentos, o valedor universitario informará deles á autoridade universitaria que corresponda para esta proceder en consecuencia.

2. Ademais, durante esta fase de instrución, o valedor universitario poderá acudir a calquera dependencia da Universidade para comprobar todos os datos que fosen necesarios, facer as entrevistas persoais debidas ou proceder ao estudo da documentación necesaria. Para tales efectos, terá acceso a todo expediente ou documentación administrativa que teña relación coa investigación, sen prexuízo do que dispoña a lexislación vixente sobre a protección de datos persoais.

3. A información obtida durante a tramitación deste procedemento terá carácter estritamente confidencial.

Artigo 18

1. O valedor universitario resolverá no prazo de tres meses desde que foi presentada a reclamación.

2. Deberá notificarlles formalmente a súa resolución ás persoas interesadas. Tamén a comunicará ao órgano universitario afectado, coas suxestións ou as recomendacións que considere convenientes para a emenda, no seu caso, das deficiencias apreciadas.

3. As decisións e as resolucións do valedor universitario non teñen a consideración de actos administrativos e non serán obxecto de ningún recurso. Tampouco son xuridicamente vinculantes e non modificarán por si propias acordos ou resolucións emanadas dos órganos da Universidade da Coruña.

Capítulo II De oficio

Artigo 19

Se o valedor universitario tiver coñecemento fidedigno de feitos que puidesen attentar contra dereitos de calquera membro da comunidade universitaria, individual ou colectivamente, ou do mal funcionamento administrativo dalgunha unidade, pode iniciar unha investigación de oficio, de conformidade co disposto nos artigos 16 e 17 deste regulamento, que daría lugar a un informe e que sería remitido ás partes interesadas ou ás autoridades universitarias correspondentes para repararen estes feitos ou erros.

Capítulo III De mediación e conciliación

Artigo 20

1. Con aceptación expresa das partes implicadas, o valedor universitario iniciará os actos de mediación e de conciliación conducentes á solución pactada dos conflitos que se produciren entre membros da comunidade universitaria.

2. As solicitudes de mediación e de conciliación formalizaranas as persoas interesadas no Rexistro do valedor universitario mediante escrito asinado polas dúas partes e en que se conteñan os seus datos persoais, os sectores aos que pertencen e os seus enderezos para os efectos de notificación. Nel concretaranse con clarezza os feitos que motivan a solicitude, o alcance da pretensión que se formula e o pedimento mediador ou conciliador que se dirixa ao valedor universitario.

3. O valedor universitario, no desenvolvemento da súa actuación, servirase dos medios que considere adecuados para lograr unha solución pactada do conflito. Os acordos que resultaren da sesión de mediación ou da de conciliación poderán recollese nunha acta que deberá figurar asinada polo valedor universitario e polas persoas que solicitaran a mediación ou a conciliación. Só terán carácter vinculante entre as partes implicadas os acordos adoptados en conciliación.

Título V Informes e recomendacións

Artigo 21

1. O valedor universitario poderá presentar perante os órganos colexiados da Universidade da Coruña os informes que entenda oportunos, por iniciativa propia ou cando así sexa requirido por unha quinta parte dos membros do órgano colexiado correspondente.

2. Tamén poderá formularlles aos distintos órganos da Universidade da Coruña recomendacións e suxestións sobre a protección dos dereitos dos membros da comunidade universitaria, que en ningún caso poderán revisar ou revogar resolucións ou actos administrativos.

Título VI

Memoria anual

Artigo 22

1. O valedor universitario presentará nunha sesión do Claustro da Universidade unha memoria anual sobre a xestión realizada durante o curso académico e os seus obxectivos para o seguinte curso. A memoria deberá conter información, cando menos, sobre o número e o tipo de reclamacións presentadas, as reclamacións obxecto de investigación, o resultado destas e as recomendacións e suxestións xerais formuladas para a mellora do funcionamento da Universidade da Coruña.

2. Na memoria anual non constarán datos persoais que permitan a identificación das persoas interesadas no procedemento de investigación.

3. Para coñecemento da comunidade universitaria, a memoria será divulgada e unha copia desta será enviada a todos os órganos colexiados e unipersoais da Universidade.

Título VII

Reforma do Regulamento do Valedor Universitario

Artigo 23

1. A modificación do presente regulamento compete ao Claustro da Universidade da Coruña.

2. A iniciativa para a modificación deste regulamento corresponde ao propio valedor universitario ou a un terzo dos membros do Claustro universitario. A iniciativa deberá ir acompañada da relación detallada dos preceptos e das disposicións cuxa modificación se propón e do seu texto alternativo.

3. A aprobación da modificación esixirá o voto afirmativo da maioría absoluta dos membros do Claustro, en sesión convocada para o efecto

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas aquelas disposicións que ditaron os órganos da Universidade da Coruña, de rango inferior ou igual, que se opoñan ao disposto na presente normativa e sinaladamente o Regulamento da Comisión de Garantías, aprobado polo Claustro Universitario na súa sesión do 3 de abril de 2002.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor aos vinte días seguintes da súa aprobación polo Claustro. O seu texto darase a coñecer entre a comunidade universitaria a través daqueles medios que garantan a súa difusión. Incluirase igualmente o seu texto nas memorias anuais que elabore o valedor universitario desde ese momento.